Asociación Memoria Histórica Democrática

Retallos da Memoria

Retallos da Memoria
Asociación Memoria Histórica Democrática.

Coordinadores: Enrique Barrera Beitia e Bruno González Mauriz.

1ª Edición: Xuño do 2007.
Edita: EQUONA Deseño Editorial, S.L.

Material Fotográfico: Memoria Histórica Democrática.

EQUONA Deseño Editorial, S.L.
C/ Mugardos nº30 entrechán drta.
981 38 00 00
www.equona.com

Depósito Legal:
ISBN: 978-84-935882-0-5

Asociación Memoria Histórica Democrática

Retallos da Memoria

Índice

Introducción

"L´homme du bonheur a accés à tout et notamment à la connaissance du malheur"

Clement Rosset

Enrique Barrera Beitia e Bruno González Martínez, dous historiadores da Asociación Memoria Histórica Democrática, recompilaron oito pequenas historias pertencentes a oito familias que padeceron, en diferente medida, as penalidades da represión. De xeito consciente, o traballo afecta só a familias anónimas para o gran público; non hai líderes políticos, grandes persoeiros da cultura, mesmo son candidatos a formar parte do que cinicamente algúns consideran "danos colaterais", mais, ¡canta grandeza na súa desgraza!, ¡canta grandeza na súa capacidade de sobrevivir na travesía dunha vida real, áspera! As boas xentes –e se cadra, precisamente por tal feito-, acceden a todo, e especialmente ao coñecemento da desgraza provocada pola máis abxecta maldade da que son capaces algúns, cando a violencia non só non é reprimida, senón exaltada.

Son os retallos da historia, os restos aínda non esquecidos dun naufraxio no que se asolagaron as esperanzas dunha xeración boa e xenerosa, afundida por unha guerra filla da intolerancia antidemocrática nada na Alemaña nazi e na Italia fascista, á que tan gustosamente vencellouse parte dunha España, da que non queren renegar –pese as evidencias da súa maldade-, os que se consideran os seus lexítimos herdeiros.

A Asociación Memoria Histórica Democrática, da que teño a honra de presidir, espera coa publicación do primeiro volume destes "Retallos da Memoria", contribuír á dignificación das vítimas da ditadura padecida neste país entre 1936 e 1975.

Manuel A. Fernández Pita.
Presidente de Memoria Histórica Democrática.

Chisss... escoita

Nesas noites sen estrelas,
cando a lúa no seu cuarto minguante está,
deambulan asasinos. A quen esta noite tocará?
Covardes sen conciencia, que nin a cara dan,
e queren rematar con alguen chamado libertade.

Chiss…, escoita, veñen xa,
Chiss… cala,
non oes as rodas do carro,
coa súa música infernal?

Chissss…, escoita, cara ao cemiterio van.
A cantos esta noite asasinaran?
Pola mañá silencio, ninguén se atreve a falar,
algunhas fiestras pechadas veñen a delatar,
onde falta un pai, un fillo, un esposo que abrazar.

Agarda,
non te achegues,
non vaias preguntar,
non sexa que mañá
te veñan a buscar.

Escóitanse uns tiros, todo rematou xa,
e uns sentimentos de ira, impotencia
rabia, de tristura, e uns cantos máis,
no corazón da xente aniñando están.
Para non abandonalo xamais.

E, transmíteno aos seus fillos,
e os seus fillos aos seus,
para que nunca, nunca,
todo isto volva pasar.

Beatriz Rascado Beceiro.
Membro da Asociación Memoria Histórica Democrática

HEROES ESQUECIDOS:

A Familia
Rudesindo Díaz Beceiro
Benigna Corral Yáñez



Retrato de Binucha. 1940.

Carta a Binucha

Querida Binucha:

Hai moitos anos que non nos vemos. A última vez foi no 83, ao pouco de quedares viúva. Daquela -¿recordas?- atopámonos en Faxardo e abrazámonos e choramos xuntas. Dixérasme que Nina, a túa filla, tiña praza de mestra nun colexio fóra de Ferrol e, andando o tempo recordei mal o dato; pensei que estaba fóra de Galicia, e metéuseme na cabeza que marcharas con ela. Por iso cando meu irmán Pepe soubo que ía morrer e veu a Ferrol para se reencontrar cun pasado que sempre quixera esquecer, e lamentou non poder verte, nin se me ocorreu pensar que seguías en Ferrol e que vivías a trescentos metros da miña casa. Costa entender que non

volveramos coincidir, pero debe de ser a estrada de Castela que nos arreda: ti móveste na banda do que foi O Bertón, e eu na do que foi O Cabalo Branco. Pode que saiamos pouco, porque non quero pensar que xa non nos recoñezamos. En calquera caso, ao saber de ti, procurei o teu enderezo para facerche chegar esta carta, que tantas veces escribín mentalmente e que agora che envío dende a casa dos meus fillos en Fuenlabrada, na comunidade de Madrid, onde viñeron como emigrantes cando a primeira reconversión naval afectou a tantos traballadores de Astano, entre eles o meu xenro.

Por mor da miña pouca saúde pasamos longas tempadas aquí, pero cando volvemos a Ferrol imos cada dous ou tres días a Narón para ventilar o piso que os nosos fillos teñen detrás do antigo concello, moi preto do comezo do fermoso paseo marítimo que chega ao mosteiro do Couto. Hai tempo que a penas sacamos o coche do garaxe, e esa é a viaxe máis longa que facemos conducindo meu home, e, sempre, aínda que vaiamos falando, ao chegarmos a Freixeiro e ver á dereita a pista que leva a Cornido, os ollos vánseme a ela e o pensamento lévame a aquela boa xente desa parroquia, que tanto nos axudastes en momentos tan duros.

Con oitenta anos cumpridos empezo a ter problemas de memoria, e repito varias veces a mesma pregunta porque esquezo as conversas recentes, pero lembro nídiamente o pasado, os anos terribeis da guerra, e pode que nin un so día da miña vida deixase de recordar as familias de Cornido que fostes para nós moito máis que compasivos samaritáns, pois, ademais de darnos de comer e beber, acolléstesnos como amigos; sentistes como propia a nosa anguria e nos amosastes en todo momento a vosa solidariedade.

Nos primeiros días do Alzamento alguén avisou a meu pai do perigo que corría e aconselloulle deixar Ferrol e ir onde

fose menos coñecido.

Eu, con dez anos, non podía entender que alguén quixese facer mal a un home tan bo, agarimoso e simpático, como el; que era tan querido e tiña tantos amigos. Foi Pepe, meu irmán, catro anos maior ca min, quen me explicou que o noso pai, albanel de profesión, estaba afiliado á UGT, seguía a don Xaime Quintanilla na idea de facer compatibeis o socialismo e o galeguismo, e ademais era un actor moi comprometido e celebrado do grupo de teatro do Real Coro Toxos e Froles.

Isto xa o sabía eu, que o vira actuar moitas veces e quedaba abraiada polo ben que interpretaba cada personaxe. Nos últimos meses representara dous moi diferentes na mesma obra: o dun sancristán louvamiñeiro, ruín e falso, e o dun líder obreiro que botaba mitins revolucionarios.

Facía tan ben de sancristán adulón e hipócrita, que mesmo daba noxo, pero era tamén tan ridículo que a xente, que enchía o teatro, escachaba coa risa. Cando saía o sindicalista resultaba completamente distinto, mesmo semellaba outro actor. Tiña un rostro nobre e había tanta sinceridade e emoción no seu discurso, que o teatro quedaba en silencio mentres falaba, e cando remataba dando vivas á República e aos traballadores, o público estoupaba nunha enorme ovación e moitos homes e mulleres repetían a berros as consignas.

Tamén meu irmán e eu estabamos no grupo de teatro do *Toxos.* A pouco de proclamarse a República el protagonizara con moito éxito unha obra titulada *Pedriño*, de don Luis Amor. Trataba dun neno orfo de pai nunha vila mariñeira, que se convertía en heroe ao salvar un neno rico, levado polo mar un día de temporal.

A min agora paréceme que a obra non debía de ser nada boa, pero daquela chegou ao corazón da xente e gostou tanto

que se representou en toda Galicia e en Bilbao e Barcelona, nuns encontros culturais entre galegos, vascos e cataláns. O día seguinte ás representacións os xornais falaban do grande actor que había naquel rapaz de poucos anos, e foi tal o recoñecemento que acadou, que nun acto de afirmación autonomista celebrado en Barcelona, coa presencia do presidente Companys, houbo acordo para que, en representación de todos, o meu irmán puxese un ramo de flores no túmulo do presidente Maciá.

A miña participación era máis humilde e limitábase a uns parrafeos amorosos con outro neno, que resultaban divertidos por sermos tan pequenos, e rematabamos bailando unha muiñeira.

Non tiven tempo a máis. Aquel 18 de xullo do 1936 rematou a miña experiencia teatral e tamén a miña infancia.

Papá entrou moi serio e díxolle a mamá que compría marchar e ela asentiu. Papá era moi grande e mamá moi pequena, pero moi lista e había tempo que viña anunciando a fin da República. A rebelión militar non a colleu de sorpresa, pero nunca imaxinara a represión que a seguiu e horrorizouse cando soubo dos mortos nas cunetas naqueles primeiros días.

Pepe, meu irmán, ti ben o sabes, colleu o mellor dos dous. Era alto e simpático como papá, e guapo e intelixente como mamá. Eu era unha nena inocente e medoñenta, e cando mamá me dixo que metera a miña roupa nunha bolsa, boteime a chorar.

Acordaron ir a Cornido, á casa dos tíos Ramón e Xesusa. Os de Bouza, xa sabes. O tío Ramón era irmán da miña avoa María Antona, a nai do meu pai, e eu fora visitalos con ela varias veces; pero ao empezar a guerra xa morreran, e na casa

vivían o fillo Xesús coa súa muller Amalia, que nos recibiron con moita cordialidade e nos tiveron tres días con eles. Despois, como a casa era pequena para tantos, prestáronnos outra que tiñan para alugar. Non había camas, nin moblaxe, e o pouco que nós tiñamos quedara en Ferrol: pero os veciños axudáronnos, primeiro levándonos un carro de palla para que poideramos durmir e, nos días seguintes, foron chegando colchóns, unha pequena mesa, algunhas cadeiras e olas, tixolas, pratos e vasos. Nós, os catro, iamos á terra con eles, e eles dábannos patacas, verdura, fabas…, e nunca nos faltou que comer. Tamén apañabamos berberechos na ribeira, e despois de cocelos e descascalos, vendíamolos no mercado de Xuvia.

Pasaran tres meses cando a garda civil veu deter a papá. Denunciárano aqueles falanxistas que andaban sempre axexando polas casas. Ti sabes quen eran. Mala xente que, por comprometelo, enviaron ao fiscal un escrito co cuño da garda civil, no que se acusaba a miña nai de dicir en público que Xesuscristo era comunista. No consello de guerra, papá foi acusado de pertencer á UGT, de "representar obras de marcado matiz político social" e de inculcar ideas comunistas á familia. Condenárono a trinta anos.

Mamá foi ao cuartel da garda civil de Xuvia e preguntou por aquel documento que tanto perxudicara ao marido. O cabo, despois de falar cos números, díxolle que daquel cuartel non saíra documento ningún. Andando o tempo, mamá soubo que dous falanxistas escribiran a denuncia e mentres un entretiña ao garda de servizo, o outro entrara no cuartel e puxéralle o cuño.

Mamá non quixo seguir ocupando a casa de Xesús e Amalia porque lle parecía un abuso, e pensou en volver a Ferrol. Os veciños non quixeron que marchasemos, e teus pais ofre-

céronnos a casa pequena, na que antes vivirades vós e onde nacera Sindo, o teu irmán.

Teu pai, aínda que carpinteiro de oficio, era tan habelencioso que o mesmo facía de mecánico que calafateaba as lanchas que ían á area, e tamén traballara de albanel algún tempo con meu pai. De aí lles viña a amizade, afortalada por compartir o mesmo fervor republicán e o drama dos vencidos.

Pouco antes de empezar a guerra, meu pai empezara a coller algunha contrata pola súa conta, e o teu entrara de carpinteiro de ribeira no taller de Gradas da *Constructora*, que así chamabamos daquela á que logo foi *Empresa Nacional Bazán.*

Quedamos na vosa casa. Era pequena, sen luz nin auga, pero tiña tres ferrados de terra que cultivar, e ao día seguinte de ocupala xa estaban con nós moitos veciños, homes, mulleres e rapaces, que trouxeran un arado, ferramentas e semente. Queríannos, e nós sabiamos que aquel cariño non nolo darían en ningures.

Éme doado recordar as nosas idades. Teu pai era dous anos maior que o meu, a miña nai dous anos maior que a túa, ti dous anos maior ca min, e eu e Sindo da mesma idade.

¿Ti sabes se xogabamos? Eu non o recordo. En troques, lembro moi ben que todas as semanas ía a pé de Cornido a San Felipe para levarlle patacas, fabas, verduras e pan a papá, que estaba preso no castelo. Un día ía eu cunha cesta pequena, e outro día ía mamá cunha cesta máis grande, pero cheas sempre, que eran moitas as familias que nos daban alimentos e tabaco.

Nunca se me ocorreu pensar a distancia que andaba, carregada coas bolsas, pero meu irmán pequeño -xa sabes, o

que naceu despois que papá saíu do cárcere, no 1943- mediu a distancia co contaquilómetros do coche, e son once.

¿Lembras un día que ti e a túa nai viñestes visitar a papá con mamá e comigo? Paréceme que tamén estaba Pepe, pero non estou certa. O que si sei é que fomos e volvemos en lancha, así que debeu de pagar Benigna. Papá estivera contento de vernos a todos, e, porén, á volta ti viñas calada e cando falaches dixéchesme en baixiño que che impresionara moito velo, tan alto como era, detrás dos barrotes, agarrado a eles, como se quixese rompelos. Aínda volvestes máis veces, pero só gardo memoria daquel día. Teu pai tamén o visitaba sempre que podía.

Nos folletos de promoción turística do castelo de San Felipe non se di que foi un cárcere improvisado, pero foino e os primeiros presos tiveron que esmagar cos pés os toxos e as silvas que nacían entre as pedras, para deitarse no chan e poder durmir. Tamén cómpre recordar que nun daqueles muros morreron fusilados moitos deles. Un día papá dixo que tiña frío e pediulle a mamá que lle mandara o abrigo. O día seguinte funllo levar eu e recolleumo un falanxista moi alto e fraco, con cara de borracho, que sempre tiña o narís húmido. Díxome que coñecía a meu pai e que llo daría el. Volvín con mamá dous días despois e papá queixouse de que non lle levaramos o abrigo. Mamá falou cun oficial que me preguntou se recoñecería ao falanxista e cando lle dixen que si, mandoume ir con el e levoume a unha estancia onde había xente durmindo. Mirei en redor e alí estaba o falanxista deitado nun catre e tapado co abrigo. Púxenme vermella de rabia e corrín ata el para quitarllo mentres lle berraba:

-¡Moi ben; meu pai pasando frío e vostede tapándose co seu abrigo!

Parece incrible, ¿verdade? E sen embargo vós vivistes

cousas moito peores.

Xa cando prenderan a papá, os gardas civís rexistraran a vosa casa e non atoparan a ninguén. Sen embargo, baixo a bodega, onde tiña o taller de carpinteiro, teu pai fixera un zulo tan ben disimulado que nunca deron con el. Alí fostes dando abeiro a moitos fuxitivos, algúns condenados a morte, mentres agardaban a oportunidade de fuxir a Francia. Mamá e meu irmán sabíano e acordaron que o soubese eu tamén para que, vise o que vise, non dixese nada comprometedor.



Retrato de Rudesindo.

Sabiamos a importancia da discreción e, aínda que pasamos moito tempo xuntas, nunca falamos disto. Eu víavos a ti e a Sindo ir á Faísca, un día ti, outro día el, e nada vos preguntaba, pero sabía que iades como "correos" a casa de Juan de Laja, que tamén agochaba fuxidos. Nada vos dixen nunca pero non sabes canto vos admiraba. Admiraba as firmes conviccións de Rudesindo, a súa ética; a valentía de Benigna, que colaborou con el en todo, con prudencia e intelixencia. ¿Lembras que deixara de ir lavar a roupa ao río que pasaba pola finca da nai, e que era de uso público, para que ninguén reparase nas prendas que levaba? Teu pai fixéralle un pilón e lavaba de noite, e secaba no faiado e na bodega.

Coa mesma cautela resolverades o problema da comida. Caldo tiñádelo sempre; ovos non, que daquela as galiñas non

comían pienso e non poñían todo o ano, pero se non podiades comer patacas con ovos fritidos, comiádelas con pementos.

Máis doado de controlar era o consumo do pan. Dende sempre moiades e cociades pan de trigo e de centeo, ou de trigo e maínzo, no muíño e no forno das Aceñas, pero non conviña facer máis do que sempre fixerades. Entón, de cando en cando, ti mercabas un molete en Neda e Sindo outro na Faísca, e iadelos administrando.

Daquela nunca vos dixen nada, nin sabería dicírvolo, pero agora, ao evocar aquel tempo, sei que fostes verdadeiros heroes morais, e que a admiración que sentía por vós estaba xustificada, como xustificado estaba o medo que tantas veces pasei ao ver a garda civil por Cornido, pensando que vos descubriran e viñan prendervos.

O peor foi aquela noite na que a Moncho, un home, aínda mozo, que teu pai traía a esconderse na casa, ocorréuselle disparar contra a ribeira unha bala que levaba na pistola. Foi unha enorme tolería porque o estoupido se escoitou en toda a volta, e a parella da garda civil, que andaba pola ponte do ferrocarril, viu a luzada do tiro e pouco despois como se abría a porta dunha casa. Botaron contas e decatáronse de que era a de Rudesindo, polo que ás dúas da mañá apareceron varios gardas e algúns falanxistas para facer outro rexistro.

Acolliades a tres homes que cearan con vós abaixo, na cociña, e durmían arriba, no faiado, nun leito de pallas; pero un deles, Casanova, que pasou moito tempo con vós, estaba enfermo e deixarádeslle a cama de Sindo, que durmiu contigo. Cando os gardas bateron na porta, correron todos a agacharse no zulo, ao que se entraba por unha portela disimulada nunha parede do cortello, e teu pai levou no colo a Sindo dunha cama a outra. Os gardas civís botaban a porta abaixo e cando teu pai lles abriu, pegáronlle e chamáronlle "roxo

cabrón" e "fillo de puta", e cando túa nai quixo valerlle bateron nela tamén. Estaban certos de que ían atopar alguén e leváronos a empurróns por toda a casa. Ti fuches con eles, e tal lles valeu porque te decataches de que no chan, enriba do zulo, brillaba un puntiño de luz das lanternas que os fuxidos tiñan acesas. Ninguén o viu máis que ti, e puxécheslle o pé enriba, e non te moveches ata que saíron do cuarto.

Os gardas e os falanxistas insistían en que a porta daquela casa se abrira pouco despois que se disparara unha pistola, e que entraran dúas persoas. Teu pai non podía negalo, así que procurou unha coartada e dixo que lle abrira a porta á miña nai, que fora buscar unha cesta para ir o día seguinte ao mercado de Xuvia. Era certo que mamá fora pedir a cesta á túa nai, pero ás dez da mañá, non ás dez da noite. Endebén, era a única argucia posible.

Cando mamá abriu aos gardas que batían na porta coas culatas dos mosquetóns mentres daban ordes a grandes voces, viu a teu pai rodeado de gardas e falanxistas, e soubo que algo moi grave sucedía. Relacionouno de contado co disparo de pistola que escoitara ás dez da noite, e soubo que Rudesindo agardaba dela unha testemuña que o salvara.

Os gardas mandáronlle acender a luz, e ela respondeulles que non tiña. Entraron, sacáronnos da cama a Pepe e a min, e cando comprobaron que non había ninguén máis que nós, o que mandaba preguntoulle a mamá que fixera aquel día. Mamá foi dicindo o que recordaba, pero non lle viña á cabeza a visita á vosa casa para pedir a cesta. O garda volvía preguntar:

-*¿Non fixo máis nada?*

Mamá ollaba a teu pai e víao sufrindo, pero por máis que cismaba non se lle ocorría nada que debera dicir para salvalo.

O garda teimaba:

-*Empece outra vez.*

E mamá volvía facer memoria e ía dicindo canto recordaba, ata que de súpeto berrou:

-*¡Ah, e fun a casa deste señor por unha cesta para ir ao mercado de Xuvia!*

Na cara de Rudesindo viu que esa era a resposta esperada, e cando o garda quixo saber a que hora fora, respondeulle que non o sabía, pero que foi pouco despois que alguén tirase un petardo na ribeira.

Todos –tamén nós, os rapaces, polo que escoitabamos— tiñamos esperanzas de gañar a guerra. Cando se soubo que estaba perdida, pensouse en sacar a xente das casas e levalas a Francia. Polo que eu sei, houbo dous bous de pesca que saíron do peirao de Curuxeiras, ás dúas da mañá, que levaron once homes, entre eles catro que estaban na vosa casa. Contaban coa complicidade dalgúns mariñeiros, pero aínda así houbo que tomar os barcos ao asalto, e un dos fuxidos caeu ao mar e tivo que volver á Faísca. Marchou seis meses despois, nunha lancha de pesca que saiu de Mugardos.

Aqueles éxitos facíannos sentir unha ledicia inmensa, como inmensa era a nosa tristura cando os fracasos remataban en traxedia. Eu non coñecín a Ramón Romero, pero ti pode que si, porque era de Cornido, aínda que vivía no Feal. Tamén escondía xente, e a garda civil entrou a tiros na súa casa, feríndoos a el e ao home que acollía. Ti chegaches a coñecelo; eu só sei que se apelidaba Moreno. As feridas eran graves pero poideron fuxir, e Romero agochouse toda a noite nun bote, mentres Moreno conseguiu chegar a outra casa do Feal, e o dono escondeuno nun alboio que había na horta.

Ao día seguinte a garda civil pillou a Romero e, mentres agardaban pola camioneta que o levaría, tivérono sentado nunha cadeira, preto da vosa casa. Teu pai levoulle auga, e o garda, que o viu, maltratouno, botouno a empurróns e desafiouno con pegarlle un tiro. Ti e a túa nai, e Sindo estabades con el. ¿Que falabades ao quedar sos, despois do horror, da anguria e do medo? ¿Como vos dabades azos? Fíxenme estas preguntas moitas veces. Non pertenciades a ningún partido, non vos movía unha fe relixiosa… ¿De onde sacabades tanta coraxe e tanta forza?

A Romero levárono ao hospital de Mariña, curárono e fusilárono.

Pasaban os días e Moreno non se recuperaba porque tiña a bala dentro. O home que o gardaba foi ver a teu pai e acordaron levalo á vosa casa nunha carreta de bois. Ti e a túa nai fostes ver a don Paco *o da Mercede*, aquel médico que tanto ben fixo, e mandou que llo levaran en bote ao seu pazo, onde o operou. Tamén axudaba moito don Raimundo, un practicante da Mariña, que tivo a consulta na rúa Nova de Caranza.

Non sei por que che conto todo isto, se o coñeces mellor ca min, pero góstame recordalo agora, sabendo que ao escribilo eu e lelo ti será como revivilo xuntas.

Cabo dun ano levaron a papá ao cárcere da Coruña e mamá pensou que os gastos ían ser maiores e que sería mellor volver a Ferrol, onde poderiamos gañar algo máis. Fixémolo así e, aínda que o recordo moi mal, sei que todos nos disgustamos moito na despedida.

En Ferrol alugamos un pequeno baixo no barrio de Esteiro e cedimos unha habitación a dúas irmás, dúas rapazas novas, sen familia, que traballaban facendo a limpeza por ho-

ras en varias casas. Mamá tamén empezou a traballar nun bar próximo á porta da *Constructora.* O bar abría antes das seis da mañá para que os traballadores do primeiro turno poidesen tomar a copa de caña, que para moitos era o único almorzo, e a esa hora mamá xa tiña fregado e limpo todo. Ía á Coruña unha vez por semana, carregada de botellas de aceite, que escaseaba alá, e volvía cunha cesta de carburo para lámpadas, que faltaba en Ferrol. Aquelo dáballe para as viaxes en tren, que facía as máis das veces durmindo, de cansa que andaba. Pepe, tan bo estudante como era, non volveu á escola e púxose a traballar no que aparecía. Ata quixo ir de lagoeiro a Asturias, pero non chegou a facelo e, ao rematar a guerra, cando don José María González Llanos creou un equipo de futuros delineantes con gran formación técnica para liderar a construcción naval en España, el foi un dos chamados polas boas notas que tivera na Escola Obreira.

A miña avoa enfermou de cancro a comezos do ano 1941 e foi agravándose segundo pasaba o tempo. O médico non entendía que poidera seguir alentando pero ela dicía que o fillo ía saír axiña e non quería morrer sen velo. Despois de pasar tres anos e tres meses na cadea saiu papá, e dous días despois morreu avoa.

Meu pai era outro home distinto ao que eu recordaba. Non ría nunca e non chorou cando viu morrer a nai. Ao pouco de chegar estoupou en chagas purulentas por todo o corpo; despois enfermou de tuberculose e pasou un ano na cama. Cando sandou entrou de albanel en Bazán, pero seguía botando sangue pola boca e non estaba en condicións de exercer o oficio. No cárcere vira morrer a moitos amigos que ao ir ao paredón pedíanlles aos que quedaban que non deixasen de ollalos para darlles azos. Fora unha experiencia terrible e non me estraña que non soubese chorar. Pero ta-

mén aprendera a facer marcos para fotos e caixas para bisutería con tiriñas de papel entrelazadas, que logo tinguía e barnizaba; e, como compartía a prisión con moitos profesores, aprendeu ortografía, aritmética e xeometría. Eso veulle moi ben porque cando saíron a concurso varias prazas para técnicos, presentouse e gañou unha. Foi a súa salvación. Pepe non quería seguir en Ferrol e marchou a Madrid no ano 43, pouco despois de nacer o noso irmán pequeno.

Pouco a pouco papá volveu ser o home sensible e divertido que sempre fora, e a nosa foi unha máis das familias que esperaron inutilmente a caída do Réxime cando se produciu a victoria dos aliados, e que logo procuraron vivir asimilando a derrota.

Túa nai morreu dun día para outro, non sei se pouco antes ou pouco despois de rematar a guerra. É curioso como a miña cabeza se negou a gardar recordos dolorosos, e non sabería dicirche se fun con mamá e Pepe ao enterro, pero sei que o sentimos moito e que choramos todos.

A xente que tiñades na casa escapara para Francia, agás Salgado, un home maior e de pouca saúde, que fora patrón de pesca e non quixera marchar. Seguiu con vós ata que morreu a túa nai. Daquela ti deixaras a escola para levar a casa e el dixo que non quería ser un estorbo e marchou. Ao despedirse chorastes todos e el díxolle a teu pai: *"Rudesindo, non hai outro home no mundo tan bo coma ti"*. E era verdade. Tampouco debeu de haber outra muller tan boa como Benigna, a túa nai, da que se dicía que xa levaba a bondade no nome.

Salgado botara moito tempo na vosa casa sen que o soubese ninguén, nin a muller, nin os fillos sequera. Cando decidiu marchar, un amigo de moita confianza de teu pai –coido que se apelidaba Rilo e era de Catabois—falou cun dos fillos, e a

familia, que nada sabía del dende había moito, sorprendeuse tanto como se alegrou. Pero era tal o medo que había, que o levaron para casa e nunca máis saíu. Sóubose cando morreu, e o azar quixo que ese día ti estiveses en Ferrol, visitando a uns parentes da túa cuñada, e que unha rapaza chegase amilagrada, contando que a policía estaba na casa da familia Salgado porque tiveran todo o tempo o pai oculto, e descubrírase ao morrer.

Daquela teu pai pensou que o zulo xa non sería necesario e reconvertiuno en bodega.

Sempre pensei que o cura de Cornido -coido que lle chamabamos *o cura Cazón*- non era malo. Claro que quería ver a todos os fegreses na misa e ollaba mal aos que non iamos, pero teño entendido que cando lle pediron informes dos veciños dixo que todos eran boa xente. Porén, estaba resentido con Rudesindo, que celebrara a chegada da República con foguetes e que cando morrera a súa nai a enterrara no cemiterio civil. Benigna, a túa nai tivo que ser enterrada en terra sagrada, claro, e cando teu pai quixo poñerlle á sepultura unha cerca de ferro forxado, o cura non o deixou entrar no camposanto. Foi a súa vinganza.

Lembro que no mes de xullo do 1953 morreu teu pai. Debeu de ser o día de Santiago ou a véspera, porque había un ambiente de festa arredor da nosa tristura. Mamá escribíralle a Pepe, que non sei se estaba daquela en Madrid ou en Cartaxena, e a volta de correo respondera el cunha carta emocionada, na que vos mandaba unha aperta moi forte para ti e para Sindo.

Mentres recordo e escribo teño a sensación de que nunca vos expresamos abondo a nosa gratitude e o noso cariño. Sei que teu pai e o meu se atopaban moitas veces en Bazán e que cada encontro supuña unha ledicia para os dous, pero aínda

así paréceme que vos deberiamos ver e falarvos máis, porque quizais non chegastes a saber o preto que estivestes sempre de nós.

Papá contou que Rudesindo morrera de tuberculose, que pasara moitos días moi mal, sen poder respirar, e que o famoso guerrilleiro coñecido como *o Pancho* atendérao toda unha noite cando peor estaba. *O Pancho* fora quedando so e ía dunha casa a outra e de monte en monte, pero rematou pasando moito tempo co teu pai e teu irmán. Ti nunca chegaches a velo, ¿verdade?

O *Diario de Ferrol* publicou o 27 de agosto unha reportaxe titulada *O último fuxido. Retrato de Pancho Martínez Leira*, que me fixo revivir aquela traxedia que nos marcou a todos para sempre. Eu coidaba que Pancho era de Mugardos, pero no xornal entereime de que nacera en Ombre, parroquia de Pontedeume, aínda que ao casar foi vivir á Pedreira, en Mugardos. A represión franquista fora terrible neste concello, de moita conciencia republicana, que apoiara cos seus votos a candidatura do *Frente Popular* e tivera un alcalde comunista. De todos os casos que coñezo, ningún me pareceu tan arrepiante como o de Amalita. ¿Lémbrala? Era moi activista e bordara a bandeira republicana. Prendérana e, como estaba embarazada, agardaron a que parise e amamantase uns meses ao neno, e logo fusilárona.

Ante tanta brutalidade non é de estrañar que Pancho e outros mozos se afiliasen ao Partido Comunista e se convertesen en activistas contra o Réxime. Na *Folga do aceite* do ano 1946, Pancho, Vilaboi e Choni tiveran moito protagonismo; despois -eu coidaba que fora antes, pero na reportaxe o fillo di que foi no 48- botáronse ao monte. A Vilaboi collérano nunha batida pouco despois, supoño que nese mesmo ano, e torturárano con saña, pero aturou todo sen dicirlles nada.

Recordo que o mataran *a garrote vil*. Choni morreu anos despois noutra batida, quizais no 52, e Pancho foi quedando cada vez máis aillado.

Na reportaxe do *Diario de Ferrol* falan Juan Anido e Carmen Filgueiras, un matrimonio que o coñeceu e axudou, agochándoo na súa casa, e Juan conta que Carrillo lles dixo a el e a Paco Filgueiras que dera orde de vir buscar a Pancho para levalo a Francia, cando xa era o último fuxido. Non se di se a operación chegou a poñerse en marcha, pero, en calquera caso, non se fixo a tempo. A garda civil fora descubrindo os tobos que Pancho tiña nos montes e na fraga do Eume, e as casas que lle daban cobixo. O xeneral Serrano viñera destinado a Galicia para acabar con el. A súa situación chegou a ser desesperada.

Aínda que de idades moi distintas, Pancho e Rudesindo eran bos amigos, ademais de compañeiros de traballo no Taller de Gradas. Teu pai e teu irmán empezaron a acollelo en estadías breves, dun día ou dous, no ano 49; pero fóronse facendo máis longas segundo empeoraba a situación, e cando morreu teu pai, no 53, a vosa debía de ser xa a única casa á que podía acudir, e Sindo seguiu axudándoo.

O teu irmán enfermara de tuberculose mentres cumpría o servizo militar, que non chegou a rematar. Traballaba na Fenya e quedaba moitas veces a durmir en Ferrol, na túa casa; pero despois de morrer o voso pai colleu a baixa laboral e ficou definitivamente en Cornido. Ti sospeitaches que o facía para atender a Pancho, ¿verdade? Mamá dixérame que cando lle preguntaches non cho negou e engadira que el xa non tiña nada que perder.

A noite do 18 ao 19 de novembro de 1954 os gardas civís sitiaron a casa. Eran moitos, seica vintecinco, mandados por un tenente. A xente que ía traballar cedo ás cerámicas de Xu-

via víralles brillar os tricornos entre as maciñeiras.

Pode que houbese un chivatazo, pero tamén é posible que o servizo de investigación descubrise a casa porque Pancho ía ás veces ver a famila nun dos botes que había na ribeira, en Fontela. O bote non volvía ata o día seguinte, pero podíase ver ben fondeado na Barca, en Mugardos.

Fose como fose, a garda civil descubriuno e dispuxo o operativo para acabar co último guerrilleiro. Preto das nove da mañá chamaron á porta. Sindo alugara a bodega a unha muller chamada Delfina, que vivía cunha filla e un neto pequeniño, e antes de abrir baixou pola trapela á bodega; el mesmo envolveu o neno e pediulles que fosen á casa dun veciño, chamado Hixinio. A rapaza saiu co neno, pero Delfina quixo quedar e converteuse en testemuña da traxedia.

Pancho non poidera fuxir e se agochara detrás dun tabique no faiado. Varios gardas subiron, un deles cun can, e Sindo mentres lles dicía que estaba so, abriu a ventá que daba ao tellado da bodega. Aínda que o sarxento lle mandou pechala de contado, aquelo salvou ao Pancho, porque cando o garda que levaba o can o descubriu, Pancho empezou a disparar a través do tabique e os gardas fuxiron escaleiras abaixo, e, crendo que tentaría escapar pola ventá que abrira Sindo, agardárono ante a bodega e descoidaron o outro lateral da casa, o do patín, por onde Pancho saiu correndo. Cando o viron foron atrás del, disparáronlle e ferírono; entón Pancho volveuse, disparou tamén e feriu ao teniente. Os gardas todos deixaron de perseguilo para atender ao mando.

Delfina, que nunca nada sospeitara da presencia de Pancho na casa, volveuse a Sindo, que fora baixando polo patín, e, anguriada, pregoulle pola alma dos pais que lle dixera quen era aquel home. Sindo só lle respondeu: *"Marche. Vaia a casa de Hixinio"*.

Pero Delfina non marchou e viu como varios gardas, irados, se botaron a Sindo, berrándolle: *"¡Pola túa culpa, cabrón!"*, mentres lle batían na cara cos mosquetóns. Sindo caeu coa cara chea de sangue, e dende o chan chamoulles "covardes". Daquela levárono a rastro á parte de atrás da casa e Delfina oíu varios disparos. Nunca saberedes cantos nin onde llos deron porque nunca vos deixaron ver o cadaver.



Casa de Rudesindo en Cornido (Narón) onde foi asasinado

Foi todo así, tal como eu o recordo, ¿non si?

Pero o mesmo día empezastes outro calvario, de interrogatorio en interrogatorio, primeiro na casa cuartel da garda civil de Fene, onde ao teu home lle esmagaron un pé cun mosquetón; despois, na mesma noite, nun cagarrón noxento de Neda; toda a tarde e toda a noite nun calabozo do cuartel de Xuvia; pola mañá no cuarto das patacas do de Canido; á tarde no cárcere de Ferrol, na avenida de Vigo… Chegastes derreados, sen comer nada.

Ao cárcere levaran xa a Antonia, a irmá de Pancho; unha muller rexa, que era á que peor trataban e perdeu os nervos

naqueles interrogatorios interminabeis. Despois prenderon a Delfina e á filla.

Soltáronvos despois dun mes longo e cando fuches pagar ao enterrador – coido que era Andrés Piñón -, aínda te agardaba un novo disgusto. No Couto xa non estaba o cura Cazón, senón outro ruin que prohibira dar terra a Sindo onde lle correpondía e mandara poñelo pegado ao muro, nun chan de pedras e de ortigas.

Miña nai ía todos os días ao mercado de Ferrol e sabía de vós por Emilia e outras vendedoras de Cornido. Un día veu contando que arranxarades a sepultura de Sindo con azulexo branco e que cando estabas limpándoa chegou o cura para botarche en cara que gastases os cartos en ben gardar o corpo do teu irmán e que non deses unha misa pola súa alma. Entón Mercedes, aquela muller forte que toleara algo cando lle morreran os pais, botouse a el berrándolle *"¡Corvo, corvo!"*, e o cura escapou correndo. Foi tal como o conto ¿non si?

Sempre pensei no terrible sufrimento de Pancho no último mes da súa vida. Só, ferido, sen poder curarse; a familia desfeita, coa muller presa, os fillos no hospicio, a filla en Bilbao, e ademais o peso na conciencia da morte de Sindo, o seu mellor amigo e benfeitor. Eu nunca vira fotos del, pero na reportaxe do *Diario de Ferrol* ten expresión nobre, ollada limpa e surrir de home bo, que inspiran confianza. O destino non se portou ben nin con Sindo nin con el.

Non sei cando volveremos a Ferrol; por eso quéroche enviar esta carta que escribín para darche testemuño do cariño e da gratitude que na nosa familia houbo e hai para a túa. Non sei se estou trabucada, pero paréceme que na reivindicación de cantos loitaron contra o franquismo, ata agora ninguén se

lembrou das familias que, como a túa, se comprometeron por axudar aos demais. Sinto que non só nós, os directamente beneficiados, senón todos os que quixemos vivir en liberdade e democracia, estamos en débeda con vós. Cando volvamos chamareite e dareiche un abrazo tan forte como o que hoxe che mando.

Celita

P.D.

O meu irmán máis novo tiña que escribir para un libro da *Asociación Cultural Memoria Histórica Democrática*, que quizais ti coñezas, un traballo sobre a vosa familia, como exemplo da xente comprometida na misión de salvar vidas dos perseguidos polo franquismo. Cando leu a miña carta, dixo que non escribiría nada, que todo canto poidera dicir está dito por min, e enviouna cunhas fotos de teu pai, de Sin-

do e da vosa casa, tal e como está hoxe, que no esencial non cambiou moito.

Tamén conseguiu a Partida de Defunción de Sindo, que me emocionou polo recordo e me arrepiou pola crueldade e o cinismo desas catro liñas que explican as causas da morte.

Siro López

Nota: *Os feitos que aquí se relatan oínllos moitas veces aos meus pais; as últimas nos anos 53 e 54, co gallo da morte de Rudesindo e Sindo. Aínda que non coñecera aos protagonistas, fun sempre consciente do moito que lles debía e cando tiven ocasión falei da súa bonhomía, desa heroicidade silandeira que mostraron, como se fose algo natural, que todos podemos acadar.*

Porén, ao dispor esta narración decateime de que a memoria me traizoara e levárame a vivir cun tremendo erro de apreciación. O neno que fun confundira o nome de Moncho, que non me dicía nada, co de Pancho, o coñecido último guerrilleiro, e toda a miña vida responsabilicei a este home da tolería que Moncho fixera ao disparar unha pistola a noite que se acollía na casa da familia de Rudesindo e Benigna, e doutras que, por ser de menor relevancia ou non ter consecuencias, non se mencionan. Comenteinas en conversas con amigos e, que recorde,

unha vez en público, na presentación en Pontedeume dun libro de Ramiro Fonte. Quero aproveitar esta oportunidade para desagraviar a figura de Pancho e disculparme ante a súa familia. Lamento infinitamente a inxusta ópinión que tiven del, e que hoxe é radicalmente distinta. Moncho era un rapaz bo, pero pouco consciente da realidade, e, fiel ao seu espírito aventureiro, viviu e morreu como seguramente desexou facelo. O tráxico final de Sindo e de Pancho non respondeu a unha arela de aventura en ningún dos dous, senón ao compromiso que ambos asumiron cando, conscientemenete, cada un ao seu xeito, decidiron combatir a barbarie franquista. Quero que as últimas palabras desta rectificación sexan para deixar constancia do meu respecto por Pancho e pola súa loita, e de gratitude polo entrañable afecto que sentiu polos seus protectores.



Ramiro Carrodeguas Castro e a súa muller Florentina Rioseco López o día da súa boda. Dez de Mayo de 1921.

Ramiro Carrodeguas Castro era un neno do hospicio da Praza de Amboaxe, que naceu no concello de Ortigueira no ano 1904. No mesmo hospicio –aínda que separados- coñeceu a Florentina Rioseco López, coa que casaría no ano 1921, tendo cinco fillos (Ramiro, Pablo, Fermín, Concepción e María).

Como moitos rapaces de orixe humilde, as forzas armadas eran unha vía para acadar unhas condicións dignas de vida, polo que entrou como cabo da armada. Co nacemento do primoxénito (Ramiro) abandonaron a parroquia mugardesa de O Seixo para se trasladar á Rúa da Estrela, no ferrolán barrio de Canido.

As actitudes derivadas da mentalidade feudal dos mandos do corpo patentado da Armada provocaron un forte enfrontamento cos cabos, aos que trataban non como subordinados senón como criados. Coa chegada da República, os abusos se denuncian na prensa e xurde un movemento reivindicativo e de protesta. Na prensa ferrolá de esquerdas (Renovación, El Obrero) temos numerosos exemplos. Os cabos e a mariñeiría recibían ordes de pintar os tellados dos domicilios particulares dos mandos, limpar a Igrexa na que se ían casar os fillos e fillas da oficialidade, servir a comida do banquete, facer a compra no mercado, etc. Todo isto para aforrar cartos. Tamén escamoteábase a comida do rancho, moi deficiente e que motivaba malestar. Sabemos que nunha ocasión, a tropa depositou o rancho nas portas do Casino ferrolán.



Ramiro Carrodeguas Castro (primeiro pola dereita na fila superior) no hospicio de Ferrol. 1914.

Co apoio das autoridades republicanas empezaron a se tratar estes abusos. O persoal das Forzas Armadas está para servir a Nación. Para isto ten que haber a debida disciplina e unha cadea de mando, que implica obediencia pero non plei-

tesía nin vasalaxe feudal. O goberno decreta a existencia de comités de compras, nos que participan representantes dos cabos e da mariñeiría, para mercar nos establecementos que oferten mellores prezos e calidade. A mellоría é inmediata. Con menos cartos, o rancho mellora extraordinariamente.

Neste contexto de recuperación da dignidade, algúns cabos cobran especial relevancia, entre eles Ramiro Carrodeguas Castro. Pola súa procedencia humilde era especialmente sensible ás situacións de abuso e atopaba na lectura as ferramentas para argumentar dialecticamente. Antonio Ares Abelleira (presidente de honra da asociación Memoria Histórica Democrática) , lémbrase del perfectamente, como un cabo comprometido ideolóxicamente. Era lóxico que fose visto como un líder natural entre os seus compañeiros. Pola contra, figura para os mandos reaccionarios da Armada como un "perigoso elemento sedicioso".

No verán de 1936 todo o mundo sabe que o exército está a piques de dar un golpe de estado para rematar coa República e restaurar a monarquía. Numerosos mandos da Armada en Ferrol participan na conspiración. Os cabos o saben e toman medidas para abortar o golpe de estado e defender –coma é a súa obriga- ao lexítimo goberno.

Cando os conspiradores inician a sedición, atopan a oposición dos cabos e da mariñeiría, que controlan o Arsenal. Estes militares sublevados tiveron que deter ao contra-almirante Azarola Gresillón, a quen fusilaron posteriormente e a outros comandantes de buques leais ao goberno, como Sánchez Ferragut.

Neses días de loita, do 20 ao 23 de xullo de 1936, Ramiro Carrodeguas e o maestre Manso lideran –entre outros- a resistencia republicana no cuartel das Brigadas de Instrucción, dominando as dependencias, detendo a oficiais sublevados

como Guarch (de Intendencia), o tenente de navío Prado e Manuel Antón Rozas, pero a ausencia de armas de fogo suficientemente potentes impiden a súa saída. Os sublevados montaron unha sección de metralladoras na porta do Arsenal que dá saída á praza Vella. Os acontecementos están relatados en diversos libros e non cumpre repetilos nesta historia. O resultado final foi que a fortuna decantouse finalmente a prol dos sublevados e Ramiro Carradeguas, será o abandeirado que sae do cuartel para negociar a rendición. Aos militares franquistas interesáballes rematar canto antes a loita e ofreceron respectar as vidas dos prisioneiros.

Mais a palabra de honra dos militares sublevados carece de valor e case inmediatamente comeza unha longa cadea de fusilamentos. O 5 de setembro de 1936, Ramiro é fusilado na Punta do Martelo. A meirande parte dos asasinatos foron baixo a modalidade do "paseo", é dicir, sen xuízo. Sinxelamente, os sacaban da cadea e nas aforas da cidade dábanlles un tiro nas costas. Pero os golpistas querían facer un especial escarmento cos militares máis representativos. Para sete deles reservaron un simulacro de xuízo, o consello militar número 34 do ano 1936. O fiscal do caso era o coronel auditor Luciano Conde Pumpido (tío segundo do actual Fiscal Xeral do Estado) e os reos xa estaban sentenciados de antemán. Xunto a Ramiro (que era cabo de artillería), comparecen seis homes do cruceiro Cervera: o cabo electricista Paulino Rodríguez, de Ferrol, a cabo de artillería Gerardo Picallo, de Neda e os mariñeiros Eugenio Salgado de Pontedeume, Ángel Sanz de Serantes (concello posteriormente anexionado polo de Ferrol), Bernardino Vila, de Fene e Pedro Rodríguez, de Sober (Lugo).

A pena de morte –executada de inmediato o sábado 5 de setembro- baseábase nun suposto delito de rebelión militar.

Enorme paradoxal que os militares que se rebelan contra o goberno acusen de rebelión militar aos militares que o defenden. O máximo mando de Ferrol, o contraalmirante Azarola, tamén será acusado de rebelión militar polos seus subordinados e fusilado. O neto de Ramiro, proporcionoume un exemplar do Ideal Gallego do 8 de Xullo de 1979, no que rememorando o "alzamento en Galicia", titulaba "La marinería se amotinó contra sus jefes", engadía que o contraalmirante Azarola "tuvo que ser fusilado" (o suliñado é meu) e que segundo varios historiadores republicanos houbo represión.

Presos da Escolleira que viron o fusilamento de Ramiro, tiveron oportunidade de explicar posteriormente, que afrontou cunha enorme entereza este trance.

A súa muller Florentina Rioseco, carente de recursos económicos, ten que meter no Hospicio aos tres nenos varóns e se queda coas dúas fillas. Traballou duramente servindo nalgunhas casas e descargando carbón. Esta durísima actividade é a que permitiulle cobrar unha modesta pensión de xubilación.

Fermín Carrodeguas conta que a vida no Hospicio era moi dura. As fins de semana tiñan permiso para ver a súa nai dúas horas. Había unha escola e non garda moita queixas dos mestres, pero si das monxas.

- "Aos fillos dos roxos tratábannos de maneira distinta e botábannos na cara a nosa condición de perdedores da guerra e de ser enxendrados por asasinos e criminais. Tiñamos que calar. Case todos eramos fillos de fusilados, xente que estaba na cadea ou escapada. A asistencia a misa era obrigatoria. Rezábamos a todas horas e pola tarde o rosario. Pasábase moita fame neses anos pero no Hospicio, polo menos, dábannos algo aínda que era moi escaso e de mala calidade".

Ramiro Carrodeguas, o neto de Ramiro e o sobriño de Fermín, que asiste a conversa, intervén neste intre da mesma:

- " O meu pai non contaba moitas cousas pero díxome nunha ocasión que vomitou a comida e que as monxas obrigáronlle o comer o que devolvera".

-"Non lembro tal cousa –dá como resposta Fermín- porque era moi cativo. O que podo dicir é que as monxas comían moito mellor que nós. Non eran moi católicas precisamente. Estivemos no Hospicio ata os catorce ou quince anos e logo marchamos á Coruña a vivir na casa dunha tía da nosa nai. O meu irmán Ramiro entrou a traballar de aprendiz na fábrica de armas da Coruña e logo, anos despois entrou na Bazán como electricista. Eu tiña 11 anos. Debía ser polo ano 1943. Logo empecei a traballar nunha perruquería, nun almacén de froitas e finalmente, grazas a unha amizade con Antonio Díaz Rascado entrei a traballar en Astano como grueiro reencontrándome con José Fernández (Molinuco) a quen coñecín no hospicio."

Fermín Carrodeguas, que co paso do tempo foi un dos fundadores da A de VV de Cañido aló polos anos setenta, aínda que nunca tivo carné do PCE, axudaba a repartir o MO (Mundo Obreiro) e pertencía ás CCOO. Como o seu amigo José Fernández (Molinuco) non tiña coche, ía na súa compaña a buscar os Mundos Obreiros a Betanzos e logo facían paquetes para repartir. Sen dúbida fixo a súa contribución persoal á loita pola Transición Democrática.

Respecto ao seu pai non ten recordos por razóns da súa escasa idade no momento do fusilamento:

- "Cando fixen o servizo militar no cruceiro Canarias, había brigadas e contramestres que ao saber quen era o meu

pai, me comentaban discretamente que foi unha gran persoa, moi preocupada polos problemas dos compañeiros. Nas forzas armadas houbera unha grande represión franquista contra os militares demócratas, polo que valoro moito estas opinións do ano 1950”

A marcha a París.

O seu irmán Ramiro Carrodeguas decidiu emigrar a París no ano 1963 para mellorar a calidade de vida e proporcionar uns estudos ao seu fillo Ramiro. Xa en Ferrol amosaba interese polos aspectos sociais e políticos e na súa estadía en París, ingresará no PCE (Partido Comunista de España).



Ramiro Carrodeguas o seu fillo co tambor e a sua muller Mª do Carmen Montero Carro na casa Galega de París.

“Eu estudaba –conta o fillo- no Liceo Voltaire, un dos máis importantes de París. A ensinanza era laica e de gran calidade e esixencia. Nas aulas eramos 32 persoas como moito, tiñamos que estudar varios idiomas e eu escollín francés, inglés e castelán. Tamén se ofertaba alemán e ruso, entre outros. Se-

gundo as notas, acadabas un posto no ránking da lista da clase. Eran moi competitivos. Cada semana iamos a natación a unha pía climatizada. Tiña amigos xudeus e musulmáns e era moi feliz. Vivíamos no Boulevard Beau Marchais, número 98, xunto á rúa San Sebastián Froisard, moi preto da Bastilla.

Vivimos a revolta estudiantil de maio de 1968. Nunha ocasión, o meu pai meteu na casa a uns rapaces que corrían diante da policía e que choraban polos gases lacrimóxenos. Lavoulles a cara e deulles leite para beber. Nesas datas, no Liceo fixemos folga e ficamos pechados uns días.



María del Carmen Montero, Ramiro Carrodeguas e o seu fillo en París. 1966.

Tiñamos un grupo galego de danza (Coro Galego de París) e percorríamos toda Francia. Eu tocaba a guitarra e a pandeireta. Nunha ocasión a toquei acompañando a Paco Ibáñez nun concerto multitudinario. Cantaba "A galopar". Logo tomei un café con el. Tiña daquela 12 anos".

O regreso a España.

"Dábame conta do que estaba ben e do que estaba mal, diferenciaba a democracia da dictadura. En París vía moitos reportaxes da España e da guerra civil (os franceses desprezaban a Franco en grado extremo). A miña nai traballaba de costureira na casa duns xudeus que estiveron nun campo de concentración e eu falei algunhas veces con eles. Todas estas cousas non se podían ver na España pola censura. Todos os

veráns viña a Ferrol. As maiores diferencias entre España e a Francia as percibía no plano económico e polo que atinxe ao nivel de vida. A diferencia era enorme. Como os meus pais traballaban ambos os dous, eu tiña cousas que me situaban por riba dos veciños cos que xogaba, pero non tiña problema en compartir. Tiña unha bicicleta de carreiras (non habería máis de catro ou cinco en Ferrol neses anos), un bote pneumático, botas de futbolista con tacos de aluminio (un luxo neses anos). En Ferrol non había sequera semáforos e tampouco piscinas. En París as había climatizadas. Precisamente a facilidade de practicar deporte fixo de min un rapaz moi ben adestrado nos deportes. Isto axudoume para acadar posteriormente unha praza de bombeiro.

Pero tiña catorce anos e nesa idade pénsase na diversión. Divertíame moito en Ferrol e pensei que sería máis divertida a vida en España, que aquí todo era festa e regresei a Ferrol no ano 1969. A escola era máis fácil. Agora penso que foi unha decisión tal vez non correcta, porque obriguei a que os meus pais regresaran aos cinco meses. Era fillo único e non querían vivir sen min. O meu pai morreu de cancro no ano 1983 con 55 anos no Novoa Santos. Fumaba moito"

Cando Ramiro soupo do traballo que a Asociación Memoria Histórica Democrática estabamos a facer, entrou en contacto con nosco para relatarnos a curta pero intensa vida do seu avó e as consecuencias que o seu fusilamento provocara para eles. Aínda figura oficialmente como un sedicioso, como un rebelde. Desexa o restablecemento da verdade histórica e a rehabilitación dos seus devanceiros. Moralmente, xa fai tempo que os españois asasinados na defensa das liberdades están rehabilitados na sociedade española. Pero non abondará mentres non sexan anulados xurídicamente os xuizos franquistas contra os defensores da legalidade republicana.

Enrique Barrera Beitia.

FELIPE NOGUEROL OTERO



Felipe Noguerol Otero, supervivinte do campo de Sachsenhausen.

1. A miña infancia.

Nacín en Betanzos (Coruña) o 24 de Decembro de 1912. Estou casado con Jacqueline Louvac e teño dúas fillas (Isabelle e Elena) e un fillo (Pascal). Tiven sete irmáns, aínda que na miña casa eramos 11 persoas, por unha tía e unha criada que coidabanos, xa que a miña nai tiña un comercio

de panos, dos mellores da localidade. Eu pasei unha infancia feliz. Non eramos ricos pero viviamos ben. Tamén tiñamos un estanco. O meu pai era Felipe Noguerol Castro e naceu en Irixoa (Betanzos). Non tiña estudos e traballaba no campo, máis ben para o autoconsumo porque eramos moitos na familia e mesmo cultivaba tabaco e o amañaba. Non tiña ideas políticas. A miña nai era Encarnación Otero Parga, carente tamén de estudos e ideas políticas. A data de hoxe, só viven os meus irmáns Antonio e Encarnación (Maruja) en Betanzos e a miña irmá Ángeles en Arxentina.

Eran moi relixiosos, como todos os galegos naqueles anos. Ata os 17 anos iamos á misa os domingos con toda a familia, mais dábame conta de que todos aproveitaban ese intre para criticar os vestidos e o comportamento dos veciños, polo que cheguei a conclusión de que había moito máis de acto social que de verdadeira fe relixiosa.

Fun a colexios privados non confesionais ata os 17 anos e gustábame moito a xeometría e trigonometría. En 1929 abandoneina. Betanzos tiña 12.000 habitantes e só había unha escola pública cun mestre. Logo había un grupo escolar de catro aulas construido por uns filántropos, os irmáns García-Naveira, que pagaban eles mesmos aos mestres. A situación do ensino antes da chegada da república era unha vergoña.

Como o meu irmán maior non quería traballar na tenda, a miña nai quería que traballase eu, que o seguía en idade, mais negábame porque tiña na miña cabeza que os comerciantes eran uns estafadores, porque mercaban as mercancias por un precio e revendíanas por moito máis, sen fabricalas. Parecíame un roubo e – paradoxas da vida – o final eu mesmo rematei sendo un comerciante.

2. A GUERRA EN ESPAÑA (1936-1939).

Á saída da escola ingresei como cabo na Mariña de Guerra e cando estalou a contenda estaba destinado no cruceiro Miguel de Cervantes. Como case todos os oficiais da Mariña se sublevaron contra a República, esta precisaba substituílos por persoas capacitadas para dirixir os barcos de guerra. Como a Escola Naval de San Fernando (Cádiz) quedara na zona franquista, inaugurouse unha nova en Cartaxena. Eu presentei unha solicitude e fun aceptado, de maneira que ó rematar a guerra era tenente de navío e estaba no Estado Maior do Miguel de Cervantes.

Cando zarpamos de Ferrol con ordes de nos dirixir ao estreito de Gibraltar para impedir que as tropas sublevadas pasaran á Península, os oficiais estaban comprometidos cos golpistas e nós sospeitábamolo. Constituíuse un comité de cabos encargado de abortar esta conspiración e poñer o cruceiro a disposición do goberno republicano. Á altura de Lisboa, o goberno mandou un telegrama ordenando que o buque fose a Tánger. Tiña un cabo telegrafista amigo que me contaba o que estaba a pasar e como os oficiais estaban desobedecendo ao goberno. Eu conteino ao comité de cabos e un deles abriu o pañol de fusiles e detiveron aos mandos, que máis tarde foron fusilados por traición.

O comité nomeou un comandante do barco e dous oficiais de derrota, para levar o barco a Tánger seguindo as instruccións do goberno. Alí fíxose cargo do cruceiro Federico Monreal, que entón era tenente de navío. Díxonos:

- Señores. Eu son monárquico, pero xurei defender a República e fareino ata as derradeiras consecuencias.

Efectivamente, cumpliu a sua palabra e foi un militar plenamente leal.

Como dixen, a meirande parte dos buques ficaron nas máns da República, pero en Ferrol estaban a piques de rematar a súa construcción, dous potentes cruceiros de combate (o Canarias e o Baleares). Eran máis rápidos, mellor protexidos (tiñan 10.000 toneladas por 7.500 os nosos) e estaban mellor armados pois os seus canóns acadaban os 20. 000 metros e os nosos 15.000. As nosas misións eran esencialmente a protección dos buques que nos suministraban alimentos e armas. Había que protexelos da mariña italiana e alemana. Ningún goberno nos quixo axudar. Só o fixo Rusia, vendéndonos armas e México. Este país, o fixo ademáis dunha manera completamente desinteresada.

En Cartaxena, onde estaba a base naval da república, había moitos bombardeos da aviación alemana e italiana.

Una tarde, regresabamos de permiso cando se produciu un bombardeo aéreo. Protexidos (é un dicir) baixo un balcón, vimos correr a un mariñeiro e como un dos que ían comigo coñecíao, chamouno. Este, ao escoitar o seu nome, parouse de súpeto e o meu amigo díxolle:

- ¿ Pero onde tés o teu brazo ?.

Non se decatara de que o tiña arrancado. Nese intre, perdeu o coñecemento.

Era un perigo que os barcos estivesen atracados no peirao preto uns dos outros, e como Franco non tiña submariños, déronse ordes de fondear a Escadra fóra do porto, cos buques máis dispersos. Pero un día, un submarino italiano acadou o Miguel de Cervantes cun torpedo. Segundo os compromisos diplomáticos, os barcos italianos non podían participar nos combates, pero non acostumaban a respectar nin os acordos que eles mesmos asinaban. O cruceiro salvouse grazas ao coraxe dun comandante que tiñamos, quen coa pistola na man

cortou o pánico, porque a xente xa se estaba a tirar á auga. A un metro onde estaba, vín como un amigo morría sen que eu poidese facer nada por salvalo. É unha imaxe que nunca me abandonará.

Eu era oficial criptógrafo. Debía descodificar as mensaxes do goberno, dos buques republicanos e se era posible, dos barcos inimigos. Facíao coa axuda de programas de códigos. As mensaxes eran enviadas en morse.

Mentres reparaban o Miguel de Cervantes, embarquei no Libertad. Nunha travesía cruzámonos de noite, preto das illas Baleares e por pura casualidade co cruceiro Canarias. Recibimos as dúas primeras salvas. A primera quedara curta e segunda larga. O comandante do buque díxome:

- Noguerol, "estamos jodidos".

Nembargantes, antes de que o Canarias nos alcanzara – como era previsible coa terceira andanada - nós acertamos a darlle coa primeira. Foi unha sorte porque os nosos canóns estaban descalibrados. O Canarias escapou aproveitando a súa maior velocidade e en toda a zona republicana puxeron pancartas que dicían:

- Un marino, un héroe.

3. A NOSA CHEGADA A TÚNEZ E A NOSA ESTADÍA (1939-1943).

Co remate da guerra, puiden embarcar no Miguel de Cervantes e salvar a miña vida por minutos, xa que atrás deixei a amigos que foron fusilados aos poucos días de entrar os fascistas en Cartaxena. Zarpamos o 5 de marzo e chegamos o 7 a Bizerta, en Túnez, doce barcos e 4.500 hombres de tripulación. Naquela época, Túnez era un protectorado francés cunha certa autonomía. Permanecemos unha semana sen desembarcar, porque as autoridades francesas estaban

esperando a chegada dunha compañía móbil dende Marsella, para nos custodiar, debido á nosa "extrema ferocidade e perigosidade". ¡Menuda fama tiñamos!. Resistíramos tres anos ao fascismo en condicións de extrema inferioridade e estabamos tristes e derrotados, pero resultábanos especialmente humillante para a nosa dignidade ver como tiña calado no extranxeiro a propaganda franquista que nos presentaba como unha banda de facinerosos. Mesmo, ao descender do buque, os obreiros dos astaleiros de Ferryville nos lanzaron cascotes de metal.

Metéronnos en Meknassy, unha mina desafectada do sudoeste, con arameiras e metralladoras.

Aos quince días, ao ver que aínda non nos comeramos a ninguén, decatáronse que apenas nos deran de comer. A compañía móbil retirouse e fomos custodiados por uns poucos senegaleses. Estivemos dende o 7 de abril de 1939 ata setembro dese mesmo ano, en que empezou a segunda Guerra Mundial. Entón mandáronnos ao norte de Túnez, preto de Ghardimou, a reparar unha estrada interior que estaba en moi mal estado. Había unha en perfectas condicións que bordeaba a costa, pero era vulnerable aos bombardeos da



Felipe Noguerol á esquerda e José Cagiao, en Túnez. Cagiao era tamén de Betanzos onde aínda vive a sua viúva Vicenzza.

mariña italiana e o exercito francés quería ter operativa unha ruta secundaria máis cara ao interior. Eramos un grupo de 500 republicanos. En realidade, o goberno francés non tiña dereito a nos obligar a este traballo, pero nós facíamolo gustosamente, xa que era unha axuda na loita contra o fascismo. Polo demáis, pasábamolo mal, durmindo en tendas, cunha soa manta. Aló vivín outra anécdota salientable de como nos vían aos republicanos españois. Un enxenieiro francés, achegouse a mín durante o traballo e díxome:

- Noguerol, vexa que cousa tan curiosa, ese peon sabe música clásica, está silbando – e moi ben por certo – a Truite de Schubert.

Referíase a un compañeiro moi culto, que era profesor en España.

- Trabúcase vostede, señor enxeñeiro. Ese home que me sinala non é un peón senón un home moi culto, que sabe moitas cousas e que está a traballar como peón polas vosas ordes.

O enxeñeiro ficou pensativamente un rato, logo de escoitar as miñas verbas e a partires dese intre, cambiou a opinión que tiña dos republicanos españois.

Cando Francia capitulou, o dictador italiano Musolini, queríase quedar con Túnez, argumentando que había máis colonos de orixe italiana que doutras nacionalidades europeas. Para contrarrestar este argumento, o Mariscal Petain (que presidía o goberno colaboracionista francés) liberounos para contabilizarnos como colonos. En consecuencia, eramos libres. O goberno republicano no exilio, destinara doce millons de francos para alimentación da flota, pero era pouco diñeiro e tivemos que atopar traballo. Para aforrar no xantar, mercabamos os macarrons na mesma fábrica porque eran 20

céntimos máis baratos que na tenda, tendo que recorrer dez quilómetros entre ida e volta. En vez de mercar o xornal, que custaba 50 céntimos, líao nun bar mentres tomaba un café, que custaba 40 céntimos.

Todos os días miraba as ofertas no xornal. Presenteime a un señor que era propietario dunha gran libraría e quería poñer unha tenda de marroquinería e bolsos en Túnez, xa que non había ninguna e todo se importaba de Francia. Agora non se lle dá tanta importancia, pero entón o bolso estaba considerado como o complemento de máis prestixio.

- ¿ É vostede especialista ?, preguntoume.

- Teño coñecementos, respondín, aínda que precisarei tempo para recuperar a miña habilidade, xa que fai moito que non exerzo.

Din que a fame agudiza o inxenio. Fun quen de ocultar ao propietario a miña ignorancia, durante os primeiros días. Atopei no lixo, tres bolsos e non peguei ollo esa noite, desfacendo os bolsos e mirando como estaban confeccionados. O meu primeiro bolso saíu mal, pero logo afianceime no traballo e cheguei a ter éxito. Fun o primeiro marroquineiro de Túnez e durante un tempo, o xefe do obradorio, ata que chegou un verdadeiro especialista. Tratábase dun xudeu parisino chamado Bernard Kousméry (na posguerra trocou o apelido por Méry). Fixémonos amigos e foi quen deu o meu nome á Resistencia para ser reclutado polo grupo de espionaxe dirixido por René Tardy.

A Resistencia.

Eu nunca pertencera o a ningún partido político, entre outras cousas porque na Armada o tiñamos prohibido, pero tiña amigos en todos eles e dende logo era e sentíame demócrata e republicano e faría todo o que estivese nas miñas máns

para defender a República e loitar contra as dictaduras que daquela asolaban a Europa, polo que entrei na Resistencia.

Tal cousa ocurreu cando me viñeron a ver dous franceses. Un submarino inglés ía chegar dende Malta para desembarcar un comando que tiña ordes de volar as pontes para cortar a retirada aos alemáns. Nesa época, os americanos xa desembarcaran en Marrocos e avanzaban dende Oeste. A Áfrika Korps quedáballe pouca vida. Os meus dous visitantes dixéronme que necesitaban a alguen que soubera morse, para se comunicar co submarino mediante sinais luminosas. Eles non tiñan a ninguén para este traballo e sabían que eu o podía facer.

Citeínos para dentro de dous días, xa que podía ser unha trampa e ser axentes da Gestapo. Pero aos dous días, no café, pregunteilles:

- ¿ É perigoso ?

- Sí, me responderon.

Eu xa sabía que era perigoso e xa decidira aceptar a oferta, salvo no caso de que me dixeran que non era perigoso, porque daquela, trataríase dunha trampa.

Nesta rede tiñamos unha persoa –un amigo meu concretamente– que traballaba no peirao, e que me informaba das mercadorías desembarcadas polos mercantes alemáns para o Áfrika Korps. Logo de recibir a información, eu a facia chegar a outra persoa que á súa vez a facía chegar ao responsable de trasmitila. O caso era cómico, porque este era o propietario dunha tenda de reparación de radios que estaba no mesmo centro da cidade e foi quen de transmitir dende o seu propio negocio. A Gestapo sabía, naturalmente, das transmisións, pero nunca identificaron o lugar, aínda que supoño que farían as corresponentes triangulacións das ondas de radio.

Afundimos tres barcos. Tiñamos xente que adosaba unha bomba lapa (con ventosa) ao casco. Tiña un reloxo con temporizador para que estoupase en alta mar. A idea era moi boa porque pensaban que eran torpedos, pero unha vez, o barco retrasou horas a saída e a bomba detonou no mesmo peirao. Loxicamente, os alemáns se decatáron e aí empezou a nosa caída.

O día da chegada do submarino, eu estaba citado ás dúas da madrugada para que un coche me levase ata un cabo onde estaba o aparato de siñais ópticas . Ás 11.30 visitoume a Gestapo, acompañada por dous SS, un deles capitán.

- ¿Ónde ten as armas?, dixéronme.

- Non teño armas, respondín, poden rexistrar na casa se queren.

Así o fixeron sen atopar nada, pero leváronme detido á prisión militar, na que estaban o resto de compañeiros da Resistencia. Souben entón que a célula a integrábamos trinta e tres homes e nove mulleres. Ao día seguiente nos tomaron declaración, negándoo todo pola nosa banda. Máis tarde soubemos que a razón da nosa caída foi a detención dun compañeiro que era capitán da mariña mercante no que confiabamos moito, chamado Luciani. Ao asinar Francia o armisticio con Alemaña no verán de 1940, afundira un vello barco na entrada do canal de Túnez, para impedir que fose utilizado durante un certo tempo polos alemáns. Soubeno porque cando me interrogou o xuíz alemán (apelidado Lorentz), contoume detalles da miña vida en España que só os contara a Luciani. Penso que o torturaron e nos delatou. Eu coido que non se pode esperar – polo menos ata un certo punto – que unha persoa resista á tortura e non proporcione datos aos torturadores. De calquera maneira, estabamos tranquilos porque os norteamericanos estaban a escasos trinta quilóme-

tros e nos liberarían de contado.

A deportación a Alemaña.

Nembargantes, o 1 de abril, deportáronnos por vía aérea. Iamos catro detidos e dous gardas das SS. Un deles falaba perfectamente o francés e era bastante locuaz. Estaba casado cunha francesa en Perpignan e cando empezou a guerra, as autoridades francesas ordenaron deter a todos os alemáns. Ao parecer, este foi maltratado e coa victoria alemana presentóuse voluntario, máis por reacción que por convicción. Levaba dous bidons de aceite, que escaseaba en Alemaña e medias de nylon, que entón era unha novidade.

- ¿ Que oficio tés ?, preguntoume.

- Marroquineiro, respondinlle.

- Traballarás de marroquineiro. Todos traballaredes no voso oficio.

- ¿ Eu tamén ?, preguntou un compañeiro chamado Alec le Vernoy (alias Luntz).

- Claro. ¿ Que es ?.

- Espia profesional, respondeu. Tratábase dunha persoa nada en Exipto, de nai inglesa e pai francés (1).

Aterramos nun campo de concentración a 30 quilómetros de Nápoles e tras pasala noite no sótano dun hotel que era a sede da Gestapo, nos trasladaron en tren a Alemaña. Chegamos a Alexander Platz onde a Gestapo tiña unhas oficinas e fomos novamente interrogados. Chamoume a atención, porque era como se non souberan nada de nós. Logo, nos trasladaron ao campo de concentración de Sachsenhausen, na cidade de Oriemburg, nas aforas de Berlín.

Pasado un certo tempo, achegóuseme un prisioneiro e

dÍxome en francés:

- ¿ Non te lembras de min ?

- Pois non.

- Eu son o SS que ía contigo no avión.

Non me contou por que estaba detido, pero sí que a aviación aliada derrubara tres avións de transporte alemáns que levaban toda a documentación da Gestapo, incluíndo o noso expediente. Por esta razón, probablemente, fomos interrogados de novo.

4. Sachsenhausen.

Sachsenhausen (2) era un campo que chegou a ter 100.000 prisioneros, pero cando eu chegei eramos 60.000 e cando foi liberado quedaban 3.500 franceses e 42 españois. Nada máis chegar nos ducharon e desinfectaron, cortándonos todos os pelos do corpo. Logo, adxudicáronnos un número, porque alí non había persoas, senón números. Nunca esquecerei o meu: 60.260. Durante o período de corentena vin unha pista onde os presos estaban todo o día andando cun macuto ao lombo de 30 quilos de area, o peso da equipamento dun infante alemán. A razón disto era probar a calidade das botas. As solas empezábanse a desgastar aos 400 kms.

O meu primeiro traballo foi construir o que pensabamos eran unhas xigantescas duchas. Tratábase das cámaras de gas. Antes de 1943 non as había neste campo. Cando o vento viña dunha certa forma, e batía o chan, o hedor era insoportable. Víamos chegar camións con inválidos e deficientes mentais que entraban na cámara para non sair nunca. Traballábamos cunha camisa e un pantalón mesmo en inverno. O noso destino era morrer tarde ou cedo, pero non como persoas, senón como animais. Os nosos captores empregaban para elo a

fame, a peor tortura posible. Cando recibes golpes, sabes que tarde ou temprano pararán, pero a fame nunca para nin nunca a esqueces. Eu medía 1.84 e cando me liberaron pesaba 39 quilos. Tiña os dentes e os lóbulos das orellas transparentes e os dedos completamente brancos. Dábannos pola mañá un sucedáneo de café. Vín como o facían na cociña. Usaban unhas raices e ó ferverlas na auga, esta volvíase negra. Ó mediodía dábannos unha especie de nabos, pero de peor calidade, en auga fervida e pola tarde un bocadillo de margarina.

Debo moito a un amigo belga que traballaba na enfermería, Jacques Placet. As SS nos alugaban a diversas fábricas. A mín, alugáronme a fábrica Heinkel, que producía avions de guerra. Eu confeccionarame un cepillo de dentes utilizando como mango un anaco de pexiglas que usabamos para fabricar as carlingas dos bombardeos e fixen outro para o meu amigo. Como cerdas para o cepillo usábamos fios vexetais. O comandante médico das SS os veu e tras enterarse quen os construira, ordenoume construir varios. Era un producto que escaseaba en Alemaña. Estiven dous meses na enfermería (3) fabricándoos e tiña unha ración dobre de comida. Máis tarde, fun citado diante do xefe de cociña, que me ordenou fabricar uns cepillos grandes para limpiar as perolas:

- Temos a materia prima, madeira e mechas vexetais, pero nos falta o especialista.

Mentres os fabricaba, me daban outra ración doble. Penso que a maioría dos prisioneiros que traballaban na factoría Heinkel eran rusos, pero tamén traballaban uns 1000 civís, que comían na propia factoría. Coas súas sobras, dábannos aos presos de Sachsenhausen unha sopa que nos sabía a gloria. A daban o domingo e toda a semana pensabamos nela. Se me ofreceran agora esa sopa vomitaríaa, pero entón era un manxar.

Por cada sesenta prisioneiros, os alemáns nomeaban a un como xefe e dous ou tres máis con certos privilexios. Cando alguén morría, o tiñamos que levar a una praza onde os apilábamos como se fosen troncos de leña, para que as SS fixeran o reconto. Unha vez levamos a un compañeiro e cando o deixamos, abriu os ollos. ¡ Non estaba morto !, pero decatóuse de que estaba a morrer. Quíxonos dicir algo, pero non puido.

Anos despois, nun congreso, atopeime cun compañeiro que estaba moi anoxado porque contando a vida no campo de Sachsenhausen, había algunhas persoas que non lle crían e o tachaban de embusteiro ou esaxerado. Eu lle dixen , que era lóxico que a xente normal non entendese estas cousas sen vivilas.

No campo funcionaba unha organización clandestina do Partido Comunista de España. Encargábase fundamentalmente de facer actos de sabotaxe, de comunicar novas e repartir solidariamente comida roubada. Cando traballábamos na cadea de montaxe de Heinkel, estábamos nunha mesma mesa dous grupos de seis persoas. Un francés ensinounos como raxar as varillas de maneira que semellase un accidente. Había que facer un pequeno movimento coa moneca. Despois, ías ao almacén coa varilla rota e o encargado dábache unha nova. Semella unha tontería pero nunha ocasión, a líña de montaxe estivo tres dias parada porque non había varillas. Coa sabotaxe cumpría ser moi coidadoso, porque se o facíamos mal ou demasiado a miúdo, podíanse dar conta. Eu traballaba nas cápsulas que protexían as rodas do tren de aterraxe cando este se plegaba ao despegar o avión. Utilizabamos unha plancha dun metal parecido ao aluminio (non me lembro do nome) e o poñíamos nunha prensa de aceiro que se quentaba eléctricamente.

Ás veces non saía perfecta e había que resoldar cun soldador eléctrico, pero se o deixabas máis do debido, deformabase. Nada destas cousas as podíamos facer a miúdo, porque se podían decatar e matarte. De feito, en 1944, os alemáns fixeron una pescuda e fusilaron a 24 presos alemáns e 3 franceses.

Respecto ás novas, procedían do exterior (4). Como os alemáns estaban movilizados na fronte, os xubilados tiveron que volver a traballar. Un dos nosos compañeiros presos no campo, apelidado Mestres, traballaba como barbeiro (o que era un privilexio) e trabou amizade cun alemán maior que de cando en vez lle levaba algún bocadillo e lle pasaba información. Cando os aliados desembarcaron en Normandia, a nosa ledicia foi inmensa. O xefe dos comunistas españois deume instruccións moi concretas de a quen non lle podía pasar a información, sorprendéndome que entre eles estivera un dos seus camaradas do PCE.

- Non te extranes, explicoume, é bóa persoa pero non sabe gardar os secretos e o iría contando a todo o mundo.

Na cociña había un cociñeiro español chamado José Carabana. Todos os días roubaba un saco de patacas fervidas. En certa ocasión que estiven moi enfermo, me daban dúas ao día. Grazas a iso e ás racións dobres de cando fabricaba cepillos para as SS, puiden sobrevivir.

A organización clandestina comunista non tiña plans para fuxidas, xa que isto – sinxelamente – era imposible. En toda a historia do campo de Sachsenhausen, só escaparon dúas persoas. Un deles era un prisioneiro luxemburgués, que se fixo amigo dun SS da súa mesma nacionalidade. Cando a Alemaña lle quedaba pouco tempo antes de ser derrotada, fuxiron. O SS colleu a chave do almacén de roupa e ambos se disfrazaron de oficiais das SS. Saíron pola porta do campo e

foron saudados polos que estaban na porta. Chegaron a Suiza e pola radio denunciaron todo o que estaba a acontecer.

A marcha da morte.

O 21 de abril de 1945, iniciouse a coñecida como marcha da morte. En grupos de 500 trasladáronnos cara ao Noroeste de Alemaña, aos portos do Báltico, coa idea de nos embarcar en vellos mercantes e afundilos na alta mar con nós dentro. Desta maneira borrarían as pegadas dos seus crimes. No campo estaba Largo Caballero. Eu pregunteille se viña con nosco e dixome:

- Prefiro morrer aquí.

Largo Caballero estaba na enfermería e os nazis o mantiñan vivo para un posible troco, penso eu. Tamén estaba detido León Blum coa mesma idea. No campo restaban 3.500 prisioneiros, deles 1.500 enfermos. Houbo dous médicos franceses que permaneceron voluntariamente para os atender. Os nazis planearon matar a todos no derradeiro momento, pero os soviéticos fixeron un ataque demasiado rápido e non puideron cumprir a orde. Desta maneira salvaron a vida aos presos, aínda que nalgúns casos só para sobrevivir uns días.

Como non había gasolina fomos andando, escoltados polas SS, en filas de a cinco. Antes de sair, déronnos para toda a viaxe, unha peza de pan de cinco quilos e un salchichón. Moitos o comeron no instante. Cando alguén non podía máis e paraba, pegábanlle un tiro na testa. Pola noite, nos ataban ás árbores. Seguía indo moito frío. Un compañeiro de marcha díxonos:

- Para vós son un estorbo. Deséxovos sorte compañeiros, e quedou sentado.

Un *SS* matouno dun disparo. Noutra ocasión, vimos unha pataca nunha leira. Un saiu correndo da fila e a atrapou, pero cando regresaba, un *SS* matouno dun disparo. Teño na retina gravado como – xa morto –seguía sen soltar a pataca e como outro compañero, toleado pola fame, saiu da fila a collela. Tamén foi morto.

Unha mañá adiantounos un convoi da Cruz Vermella Internacional que levaba comida aos prisioneiros noruegueses. Ao ver o noso estado, pediron permiso ao coronel das SS para darnos a nós o alimento. Este remiteulles a Berlín e debeu haber autorización, porque nos déron para cada cinco persoas un paquete de tres quilos que contiña leite condensada, en pó, carne enlatada de boi e mesmo chocolate. Ao día seguinte morreron unha terceira parte de nós, debido a que os nosos estómagos non podían soportar nin dixerir alimentos tan consistentes.

5. A liberación.

Outra mañanciña, tras recorrer 300 quilómetros e estar moi preto da cidade alemana de Schwerin, ao despertar, non vimos as SS. Desapareceran.

¡Eramos libres!, pero non aguantábamos de pé e non podíamos movernos. Nos mantiñamos vivos para disfrutar do momento da derrota nazi, ver como os oficiais queimaban os seus uniformes e os soldados tiraban as súas equipas. Era un momento de extraordinaria ledicia para nós, ver como se derrumbaba na máis absoluta derrota o réximen máis criminal que a historia coñece e sen o cal nunca Franco tería imposto en España a súa dictadura.

Como non había gasolina, os vehículos ían tirados por cabalerías. O 1 de maio de 1945, fixo acto de presenza a aviación soviética e o resultado foi a morte de numerosas caba-

lerías que quedaron na estrada. Facendo un enorme esforzo, nos achegamos ás mesmas, para cortar cun coitelo algunhas partes e comer a carne. Quentabamola con lume feito ao atopar algúns mistos nos vehículos destruídos polo ataque.

Un día vimos que chegaba un jeep, campo a través (a estrada estaba intransitable polo explicado antes). O coche levaba a un oficial estadounidense, que nos preguntou quen éramos e que faciamos alí. Un de nós, que sabía algo de inglés explicóulle que eramos deportados:

- OK., dixo. Non teño ordes sobre deportados e presos políticos.

Logo apareceu outro coche cunha rapaza rusa moi guapa que tiña o grao de coronel e á que lle demos as mesmas explicacións. Indicounos que había un pobo a cinco quilómetros, pero non nos podiamos mover.

Á media hora chegaron uns camións que nos trasladaron. Aos doce españois que ficamos, aloxáronnos nunha casa abandonada, de xente rica. Debían ser nazis.

- Non rompan nada, pero se atopan comida ou roupa, pódena usar, dixeron.

Todos os días nos traían comida e mesmo nos deron uns poucos marcos. Ao cabo de dez días dixéronnos que os do leste ían ser trasladados cara ao leste e os do oeste cara ao oeste, pero que non era urxente e podiamos seguir na casa, cousa que fixemos. Pasados outros días, xa viñeron a nos dicir que o traslado era imperativo. Aos españois leváronnos a un xigantesco complexo do derrotado exército alemán na cidade de Schwerin, que incluía cuarteis e un enorme campo de aviación. Dispuxéronnos por nacionalidades.

Ao cabo duns días presentouse o xefe do campo, un co-

ronel norteamericano e díxonos que debíamos estar preparados para o noso traslado a Madrid. Quedamos de pedra e explicamos as razóns polas que non podíamos retornar a España, porque nos fusilarían ou meterían na cadea.

- Non me importan esas cuestións, respondeu. Eu teño ordes que cumprir.

Estabamos desesperados. Afortunadamente tiña un amigo francés, Roger Guérin, a quen contei o noso problema minutos antes de que partira en avión para a súa casa.

- Tranquilo Felipe, coido que o Partido Comunista ten agora mesmo moita influencia na Francia e algo poderá facer.

Teño que recoñecer que non tiña ningunha confianza, pero efectivamente, un día aterrou un avión norteamericano do cal descendeu Roger Guérin disfrazado de médico militar francés. Contou ao xefe do campo que viña a recoller a un grupo de españois que padecían unha grave enfermedade contaxiosa e levalos a un campamento de campaña nas aforas de París. A mentira colou e embarcáronnos no avión. Non lembro se era a finais de maio ou comezos de xuño de 1945.

En Paris aloxáronnos no Hotel Astoria, requisado polas autoridades. Nese intre sentinme libre por primeira vez en moitos anos. Estiven cun grupo de vinte españois, en hospitais e casas de recreo, recuperándome físicamente. Eran casas requisadas aos colaboracionistas ricos. Engordei 20 quilos, pero seguía estando moi por baixo do meu peso. Logo, tiven que usar durante sete anos un corsé para suxeitar a miña columna vertebral. Tamén seguín durante anos un estricto réxime alimenticio. Podía comer yogur, pero non leite nin café. Tampouco podía comer fritos nin froita crúa. Esta a tomaba en compota, as legumes fervidas e a carne asada.

6. O REGRESO A TÚNEZ.

Co regreso a Túnez, montei un obradorio propio de marroquinería, tras comprar unha máquina cos cartos prestados por dous amigos españois e contratei a dúas persoas. Máis tarde, abrín unha tenda e vendía directamente, con moito éxito.

Caseime con Jacqueline, unha mujer que daba clases de inglés no Liceo de Túnez e me traía clientes elegantes que coñecía, incluida a muller do Embaixador de España (non da República española, senón da de Franco, se entende). Máis tarde entereime que este embaixador me mandaba clientes do corpo diplomático.



Felipe Noguerol coa sua muller Jacqueline Lubac e as suas duas fillas Elena e Isabel en Túnez.

Na posguerra fun a Buenos Aires, onde había un centro de Betanzos. Como a miña familia era moi coñecida, fixéronnos unha cea. Veu un periodista dende México e contoume que aló aínda seguía o embaixador republicano, Federico

Monreal (de quen falamos antes), porque non recoñecían ao goberno de Franco (5).

En 1962, Lourdes, a miña irmá máis pequena, estaba moi grave, cun cancro de peito e estaba morrendo (6). Mandaronme unha carta pedindo que fose a miña muller e os dous filllos que daquela tiña, para coñecela. Así foi, e dende Betanzos recibín unha carta da miña esposa pedíndome que fixera un esforzo por ver a miña irmá.

Eu non quería regresar a España mentres estivera Franco e ademais, temía as represalias, pero acudín a Embaixada para falar personalmente co embaixador, e pedirlle un pasaporte, aínda que só fose para estar 24 horas.

O embaixarme contestoume así:

- Mire, vostede non me coñece a mín, mais eu a vostede sí e dende logo pódolle dar o pasaporte que me pide e vostede entrará en España, pero non lle poido asegurar que poda sair. O meu consello é o seguinte: faga unha petición ao Ministerio de Mariña para preguntar se ten vostede algunha causa pendente coa Xustiza, a ver se hai algo contra vostede.

Fixen o que me aconsellou, contando co aval importante de Luís Álvarez, Director do Hospital Militar da Coruña, amigo da familia, e recibín unha resposta favorable. Non sería detido á miña entrada a España e podería regresar, pero a resposta chegou aos dous meses, cando a miña irmá xa morrera.

Tras morrer Franco e dacordo coas leis vixentes aprobadas en 1978, me concederon unha pensión como tenente de navío. Posteriormente, aprobaron outra lei que concretaba a cuantía da pensión, no senso de que se debía abonar en función do grao máximo no que tivera rematado a miña carreira militar. Me correspondía a de capitán de navío. Soliciteina en

dúas ocasións, e ámbalas dúas foron denegadas. Aos outros vintetres oficiais da Escuadra da República que daquela sobrevivían concedéronlla. A primeira solicitude a tramitei



Felipe Noguerol na boda da súa filla Elena.

diante o Ministerio de Facenda. A resposta foi que eu era tenente e non capitán. Entendín o erro da resposta, porque pensei que tal vez ignoraban que na Mariña, o comandante ou capitán dun buque é o oficial de maior graduación que está ao mando, e este pode ser un tenente de navío se non hai outro oficial superior. A volvín a tramitar diante do Ministerio da Mariña e a resposta foi que ao aceptar a pensión de tenente, renunciei a de capitán. Un argumento absurdo, xa que esta lei foi posterior. A razón disto coido que é a seguinte. Na Mariña aínda permanecen moitos descendentes dos militares que se sublevaron contra a República, os seus fillos ou netos, persoas que sen dúbida manteñen as ideas fascistas e non estaban dispostas a pasar a oportunidade de se vingar

dun cabo da República que participara na detención dos seus devanceiros no Miguel de Cervantes. A mín, o da pensión me importa tres puñetas, xa que teño dabondo.

A verdade é que non me queixo. Con todo o que pasei e estou aquí con 84 anos.

Na Francia, o retiro é aos 65 anos, pero para os que sufrimos estas penalidades nos adiantaron ao 60 anos. A miña muller e eu, fumos a Montpellier, no sur da Francia.

Acotacións.

(1) Aínda que Noguerol non o dí, se trata de René Tardy. Foi fusilado en Charlotemburgo.

(2) Eu visitei este campo en Novembro de 2006. É lamentable que non haxa unha simple lembranza para os españois que alí estiveron (si os hai doutros países), máxime cando entre eles figuraba o líder socialista Largo Caballero.

(3) Na enfermería tivo Noguerol unha curiosa anécdota, que me foi relatada polos seus parentes. Levaba unha semana e notaba que ninguén dos presentes lle falaba, adoptando una actitude de rexeitamento. Disgustado por unha situación provocada por algo que el descoñecía, continuaba a ler un libro de gramática alemana que a su familia lle mandara dende Betanzos e que tiña tapas negras. Un día, atopouse mal e pediu ir ao servizo, tendo que ser axudado polos enfermeiros. Ao regresar se encontróu a todos os enfermos arredor da súa cama e o saudaron efusivamente:

- Tes que perdoarnos, lle dixeron, pero pensabamos que eras un cura ao verte leer este libro, pero xa vimos que trata acerca do idioma alemán.

(4) As cartas que Noguerol mandaba eran traducidas ao alemán e cando chegaban a Betanzos, os familiares tiñan que chamar a una

señora que as traducía. Para mandarlle cartas, tamén era imprescindible empregar o alemán.

Sorprendentemente, Noguerol fixo chegar a súa familia polo menos duas breves cartas en castelán, con toda seguridade tamén censuradas. A primera está datada o 18 de Novembro de 1943 e dí, entre outras cousas que "de las cartas de Pepe sólo he recibido los sobres, por no venir en alemán (...) Os agradezco el libro de gramática y el diccionario de alemán". A segunda carta está datada o 28 de septembre de 1944 e conta que xa recibira a carta traducida ao alemán e que "en agosto recibí el primer paquete y una carta de Antonio Sánchez".

(5) Nunha carta Felipe comunica aos seus parentes en Betanzos, que recibiu invitacions para se instalar na Arxentina, pero non se decide a facelo, porque as cousas vanlle ben en Túnez e teñen un alto nivel de vida, dubidando que na Arxentina poideran igualalo. De feito, o comercio de marroquinería e peletería o abriron en 1953, pero xa en Xaneiro de 1949, mandara 2.000 pesetas a Betanzos. Chámame poderosamente a atención o éxito que a meirande parte dos antigos cabos da República tiveron nos seus traballos sen negocios. Sen dúbida tratáse dun colectivo moi ben preparado para sair adiante e triunfar, pese a tan adversas circunstancias.

(6) As súas irmáns Lourdes e Encarnación (Maruja) xa o visitaran en Túnez. Esta última o fixo en 1958.

Este relato foi obtido da transcripción dunha cinta magnetofónica grabada por Felipe Noguerol. As acotacións son de Enrique Barrera.

PLÁCIDO CARRO SERANTES



Plácido Carro Serantes, en 1932.

Era fillo de Faustino Carro e de Eduarda Serantes. Naceu o 21 de xuño de 1903 en Serantes (concello anexionado na posguerra a Ferrol), na provincia da Coruña. Era un home miúdo, de pequena estatura (1.45 cms), cabelo loiro e ollos azuis. Aos 16 anos ingresou como aprendiz de mariñeiro na Mariña de Guerra e nos tests de aptitude para coller especialidade foi designado para artillería. Casou con Josefa Rodríguez e tiveron tres fillos: Plácido (mariño coma el), José e Fina.

Pasou por diversos ascensos, ata chegar ao emprego de Mestre de Artillería. A súa folla de servizos é irreprochable e brilante. É cualificado con nota de Ben a Moi Ben nos apar-

tados de aptitude profesional, aplicación, celo e amor ao servizo. En 1936, se atopaba destinado na Academia de Máquinas, exercendo funcións de Secretario dun Xuíz Militar no momento do seu procesamento.

O meu avó tivo unha actuación especialmente sobresainte na guerra de Marrocos, onde con 193 homes dunha dotación de 960 mariñeiros, distinguiuse xunto cun combinado da Mariña e do exército francés no desembarco e toma de Alhucemas, sendo condecorado coa Medalla de Prata do Mérito Naval. Estaba embarcado no acoirazado Alfonso XIII. Anteriormente servira no acoirazado Pelayo, na corbeta Nautilus e no cruceiro Carlos V. O 7 de marzo de 1932 embarcou no cruceiro Miguel de Cervantes. En 1933 desembarca para o Arsenal de Ferrol, sendo durante dous anos profesor instrutor de artillería. O último embarque tívoo no acoirazado Jaime I.

Lonxe de añorar as guerras en Marrocos, contaba que a partir do reinado de Fernando VII ata Alfonso XIII, a monarquía só trouxera desgrazas e penalidades a España, polo que a República era a esperanza da nación. Comentábame que con 16 anos xa tiña que tomar decisións de adulto e que prefeiriu marchar da casa polos problemas coa segunda muller do seu pai. Tiña que elexir entre ser un pobre desgraciado traballando a terra ou marcharse en busca dun futuro mellor.

- Placidiño, dicíame, a Monarquía levou á ruína un país que xa era pobre. Non te imaxinas a fame que pasaban familias enteiras.

Secretario de causas.

En contra da súa vontade, o meu avó foi secretario de causa no Xulgado Instrutor Permanente Nº1 de Capitanía Xeral.

Como tal, foi testemuña dos abusos cometidos pola Xustiza Naval. Algúns exemplos son significativos:

Causa 394/34. O comandante de garda acusa de desobediencia ao cabo de mariñería Ramón Montes Sierra, por negarse a facer traballos particulares para as oficiais. Estaba destinado no Cervera. A causa termina sobreseída dado que o artigo 326 da Lei de Axuizamento Militar da Mariña de Guerra, prohibe que os mariños fagan traballos que non lles corresponden. Pese á xurisprudencia da sentencia, non era un caso illado senón que se repetía, ata o punto de que outros catorce cabos do Cervera foron encausados polo mesmo motivo.

Causa 6/35. Bastante rocambolesca, instruida inicialmente pola desaparición dun cargador de mauser (o fusil empregado polo exército) e derivada finalmente a pescudar a desaparición das duchas da mariñería. Como engadido, roubos de tazas de café na cámara de oficiais do torpedeiro Nº-7 (no que estaba destinado o alférez de navío Antonio Azarola e Fernández de Félix, o fillo de contraalmirante fusilado polos franquistas) e outros materiais. A mariñería comunicou que estes roubos viñan de moi antigo. Como sospeitosos desfilan pola cámara do comandante do buque os mariñeiros, cociñeiros e o cabo de compras, pero non os oficiais. Un tercio da tripulación resultou arrestada.

Causa 52/35. Acúsase de suposta deserción ao mariñeiro fogonero José González Lorenzo, pertencente á dotación do Arsenal. O delito consumouse o 7 de febreiro de 1935. O xefe do Estado Maior do Arsenal e Axudante Maior, o capitán de navío Ángel Suanzes, comete nesta causa unha gravísima irregularidade, que non lle pasou desapercibida ao meu avó. Estaban nomeados tres tenentes de navío do acoirazado Jaime I para fallar na devandita causa a sentencia, cando de ma-

neira rocambolesca son substituídos polos tenentes de navío Guillermo Rodríguez Gómez, José Patricio Montojo e Juan Romero Manso. Parece ser que os substituidos eran proclives a unha sentencia absolutoria. Cos novos nomeamentos o fogoneiro resultou condenado a dous anos de recargo no servizo. Saltáranse á toureira as súas propias ordes e terminaron condenando ao reo a unha recarga de dous anos no servizo.

Causa 138/35. Esta causa debía ser levada en todo caso por un tribunal de xurisdición penal civil. Os feitos, xulgados en Ferrol, teñen lugar o 16 de febreiro na ría de Fuenterrabía. En síntese, un enfrontamento entre mariñeiros guipuzcuanos acerca do uso de determinadas artes de pesca. Esta causa evidenciaba que a Mariña española se implicaba en tarefas que non eran da súa competencia, e das que perfectamente podían ocuparse as forzas da orde pública. Neste caso, os mariñeiros tiraron á ría uns prismáticos do Torpedeiro T-9 , o que a Mariña considerou como delito militar.

Un día presentáronme a unha persoa e este señor, ao saber que fóra o seu neto, díxome:

- O teu avó foi unha persoa que axudou a moita xente para que non a encarcelasen.

Esta mesma opinión me foi dada por outras persoas. Pensando en como o meu avó lles axudou, pensaba que podía ter sido trampeando actas, pero tras consultar con algúns historiadores, máis ben creo que debeu ser pasando información aos parentes dos reos para que buscasen os avais axeitados ou coñecesen circunstancias de especial relevancia.

Traballar como secretario de causas enriqueceu o coñecemento que o meu avó tiña sobre os vicios e defectos de funcionamento da Mariña e concienciárono aínda máis da necesidade de reformala. Por se non fose suficiente a información

que obtiña como secretario de causas, como propio cidadán podía ter coñecido con anterioridade, lendo o semanal ferrolán "Renovación" dos días 10 e 25 de setembro de 1932, os negocios efectuados por mandos da armada coa ferralla que procedía dos desguaces de barcos como o Carlos V, Cataluña, Nautilus, etc, sen que se atendese á recomendación de investigar.

As reformas do goberno republicano na Mariña de Guerra.

De terse levado a cabo as reformas previstas polo goberno republicano, non só se lograría unha Escuadra máis eficiente, senón que tería posto punto final a unha serie de malos usos por parte do Corpo Xeral da Armada para o Corpo de Suboficiais e Clases Auxiliares.

O Corpo Xeral era un couto pechado en beneficio dalgunhas familias tales como os Cervera, Jaúdenes, Pita, Pery, Antón e outros. Este Corpo Xeral, co seu forte espírito da clase, non respectaba aos Corpos Técnicos e boicoteaba o seu acceso ao corpo de oficiais, que desta maneira, non podían avanzar nas súas carreiras na promoción dentro da Mariña.

Introducíronse algunhas reformas para racionalizar a disciplina e moderar friccións sen perder eficacia operativa, tales como:

a. Prohibir aos oficiais impoñer castigos, reservando o devandito dereito unicamente ao comandante do buque, tal como ocorría nas mariñas alemá, francesa ou inglesa. Os oficiais españois trataban despectivamente á mariñería, abundando os maltratos psicolóxicos e isto creaba un crecente odio entre uns e outros.

b. Extensión de privilexios para os francos de sábados e limitar as gardas.

c. Facer extensiva á mariñería o importe económico das racións que non se consumisen a bordo, unha das maiores queixas da mariñería, consciente de que as racións que quedaban repartíanas os mandos.

Os suboficiais e as clases auxiliares estaban desexando a introdución de novas reformas anunciadas, para que os mestres de todas as especialidades puidesen chegar a ser oficiais. Eran aspiracións xustas de boa parte dos compoñentes da Mariña; dar entrada a todas as clases sociais sen importar os apelidos dos futuros aspirantes a Oficiais. Tal era o caso do meu avó, de condición humilde, ao que o caduco sistema lle viñera vetando – pese aos seus méritos – o ingreso nos cursos de oficiais durante os anos anteriores. De feito e grazas ás reformas iniciadas, no verán de 1936 estaba terminando os estudos para o ascenso a oficial.

Os sucesos de Xullo de 1936.

Ao ser secretario dun xuíz militar, Plácido Carro Serantes era o suboficial de garda no edificio de Intendencia. O día 20, entrou ás 9.00 horas da mañá e se atopou na planta baixa cos mariñeiros as súas ordes, observando que estaban atemorizados. Díxolles que non tivesen medo e que pechasen as portas e que no caso de que algúns civís quixesen entrar no edificio, que non lles disparasen, porque el se encargaría de dialogar con eles.

Máis adiante lémbralles que os militares deben obediencia ao goberno lexitimamente constituído e que se os oficiais do exército queren rebelarse, eles non deben secundarlos nese delito. Avísalles que se soan tres bombas de palenque é sinal de que os mandos intentan dar o golpe de estado en Ferrol, que a mariñería fiel á República e civís faranlles fronte e que eles deben estar co pobo.

O 21, é chamado á Capitanía e alí se viu envolto nun tiroteo entre os soldados golpistas do edificio e os leais ao goberno que lles disparában a partir do acoirazado España. Plácido Carro, con risco da súa vida arrastra a un soldado malferido ata a enfermería.

Ata aquí todo o que se pode afirmar, porque os sucesos están envoltos nunha neboeira e nunca se me deron detalles máis concretos.

A detención do meu avó, o xuízo e a depuración das clases auxiliares.

Os consellos de guerra da mariña carecían de calquera garantía procesal, era unha pura farsa, estando os reos sentenciados de antemán. Se teño que agrupar os defectos xeralizados, sería estes:

- Os fiscais (Hernán Barbadillo, J García Rendueles e Luciano Conde Pumpido) daban plena validez ás probas de cargo, sen comprobar a súa veracidade. Trataban desconsideradamente aos condenados e máis que probar a súa culpabilidade, basculaban neles a necesidade de demostrar a súa inocencia. Considerábase antipatriótico poñer en dúbida informes da Garda Civil, a Falanxe e dos párrocos.

- As confesións obtíñanse con torturas, malos tratos e coaccións ás testemuñas. Estes eran ameazados e ás veces sancionados economicamente por facer declaracións contrarias aos fiscais.

- Os defensores, nun 90% dos casos, non eran avogados senón oficiais de baixa graduación. O meu avó tivo sorte porque o defendeu un capitán, Constantino Lobo Montero, que tivo un comportamento bastante humán.

O meu avó foi detido o 25 de xullo de 1936 no seu do-

micilio pola Garda Civil, en presenza da súa muller e do seu fillo (é dicir, do meu pai). Estaba acusado por catro mariñeiros. Un deles, José Manuel Coira Sanjurjo, asinou unha acusación contra Plácido Carro, alegando que deu ordes de non disparar se os civís querían entrar e dicíndolles que se escoitaban tres bombas de palenque, era o sinal para que as dotacións do España, Cervera e do propio Arsenal se rebelasen contra os seus mandos e que deberían unirse a eles contra os soldados de artillería, que eran fascistas. Esta acusación é posteriormente referendada, coas mesmas palabras polos mariñeiros José Posada Fernández, José Ramón Casal Rodríguez e Rodrigo Seco Vilariño. ¿Por que o delataron?. A parte da cultura do chivatazo, tan firmemente arraigada na España daqueles anos, é bastante probable que fosen presionados ou coaccionados por algún superior.

O fiscal, Luciano Conde Pumpido, acusará ao meu avó de sedición en grao de tentativa, pedindo 20 anos de cárcere, insistindo en que era coñecedor do asalto que a poboación civil preparaba contra as instalacións de Intendencia sen que tivese o valor de avisar aos seus superiores. Tamén o acusába de ter amizade con José Domínguez, o fillo dun mestre da Graña, que era de esquerdas. Quería saber especialmente quen era o garda civil que acompañaba a José Domínguez. Era evidente que fora vixiado, pero o meu avó non o quixo delatar aínda que sabía quen era.

É de recalcar o cinismo desta formulación, xa que como quedou demostrado, foron os militares os que dan un golpe de estado, intentando opoñerse ao mesmo, unha parte dos militares e os civís leais ao goberno. O fiscal dá a volta á realidade: son militares e civís de esquerdas os que intentan dar un golpe revolucionario e o exército ten que defenderse. Se a esquerda xa estaba no poder ¿para que ían a dar un golpe?


A acusación refórzase polas testemuñas dalgúns mariñeiros que afirman ser abordados na rúa por algúns civís que lles preguntaban se Plácido Carro estaba de Garda en Intendencia, do que se deduce que estaba implicado. Estas persoas nunca foran identificadas.

Constantino Lobo Montero, fora nomeado avogado defensor unha hora antes do comezo do xuízo, sen apenas tempo de preparar a defensa. O meu avó non se fiaba do defensor que lle asignaran, porque desconfiaba del. Fixo ben, porque Constantino Lobo era o militar que actuando de avogado defensor, obtiña mellores resultados par aos seus patrocinados.

Alegou que a orde dada aos mariñeiros de non disparar aos civís –tal e como relataba o fiscal– fora unha boa actitude de temperanza por canto persegue evitar un matanza. Fai ver que acode ao edificio de Capitania en solitario e que esta é unha rara decisión para as acusacións que padece o seu patrocinado: - ¿Si mi patrocinado estuviese metido de lleno en el asalto al edificio de intendencia, íba a ir sólo al Estado Mayor con una orde del oficial de guardia y precisamente media hora antes de los sucesos?.

Plácido Carro Serantes, con 33 anos tiña un expedente militar moi bó, constando as súas aptitudes como "muy buenas". O grao militar que lle correspondía era o de tenente. De seguir a súa carreira militar en activo, remataría coa graduación de "Jefe", equiparado a capitán de corbeta. Sen embargo, o avogado defensor pediu que a sentencia levase aparellada a perda da carreira militar. Ao comezo non a pediu. Isto é moi sospeitoso e dá pé a pensar que era o que realmente perseguían. É bastante probable que houbese un pacto baixo corda entre o defensor e o Tribunal.

Cando falei co Almirante Fernando Moreno (fillo de Francisco Moreno) díxome que os mariños que tiñan concedido



Vapor Genoveva Fierro, que foi buque prisión na ría de Ferrol.

un ascenso inmediato superior, no caso de ser xulgados, quedaban automáticamente co grao antigo.

O xuíz Instrutor era Manuel Pita da Veiga, o Presidente do Consello de Guerra era a capitán de navio Antonio Samper Lapique e como vocais actuaban o tenente de navio José Sainz Cerizana e os capitáns de infantería Arsenio López Barreiro, Manuel Auz e Gerardo Barros. O vocal relator era o tenente coronel auditor da Armada, Jesús Cora e Lira.

Ao preguntarlle se ten algo que dicir, o meu avó respondeu:

- Non cometín máis delito que servir fielmente ao goberno legal da República.

É condenado en xuízo celebrado o 12 de agosto a 12 anos e un día polo delito de "tentativa de sedición". O 21 de setembro pasa detido ao buque – prisión Plus Ultra e posteriormente é enviado á prisión da Escollera. Terminará a súa condena no penal gaditano de Catro Torres, a onde viaxou nas

bodegas do Vapor Ulia, llevou tras tres días de navegación a 257 presos republicanos (entre eles Plácido Carro Serantes), ao penal gaditano de 4 Torres. A travesía durou varios días, sen espazo para poderse mover os moitos presos que nel ían.

Na prisión, o xantar consistía en sopa de cañotos de verdura e pan con mofo. Viu como algúns dos seus compañeiros cazaban e xantaban ratas. A cadea estaba illada, de maneira que a comida e os familiares chegaban nuns "bombos", unha especie de batea, da que tiraban os presos cunha corda. Polas noites sacaban a algúns presos dos seus respectivos dormitorios e ás veces miraba polo ventanuco. Moitos deles non volvían máis porque eran fusilados. Algúns saían chorando e outros berrando ¡Viva a República !. Un dos seus compañeiros de cela, condenado a morte, como sabía que o meu avó non ía ser fusilado, díxolle:

- Carro, quero que cando saias libre, vaias á miña casa e lle dígas á miña muller que trate de seguir adiante e que lle díga á nosa filla que o único malo que fixo o seu pai foi ser leal a un goberno que defendía causas máis humanas e xustas en beneficio do pobo.

A miña avoa Josefa tivo que poñerse a traballar xunto co meu pai que tiña 13 anos para levar algo de diñeiro á súa casa. Os dous irmáns pequenos quedaron a cargo dunha tía que vivía en Cedeira e estaba casada cun mariño. A verdade é que tanto o meu avó como a miña avoa eran moi apreciados na Graña e houbo moita solidariedade dos veciños. Tiñan na casa unha das dúas radios do pobo e a xente acudía á casa a escoitala. Logo foi confiscada. O meu pai axudaba á súa nai a encher sellas (recipientes de madeira) na fonte da Graña e levábaas ás casas. Tamén axudaba a cultivar a terra a outras persoas, recibindo a cambio alimentos. O meu pai – sendo un neno – traballaba picando area preto da Graña, para facer

pedramol, que se utilizaba para fregar cacharros de cociña. Tamén facían rollos de estropallo e os vendía nas tendas.

A primeira vez que fun consciente de que o meu avó tivera un xuízo foi unha tarde na Graña. Cando quería falar co meu pai disto, sempre me daba longas. O meu avó traballaba de peón albanel en obras civís, nunha empresa coñecida como "A Bilbaina" e con Julio Pisos, o constructor do Hotel Almirante. Tamén era o que manexaba a cámara cinematográfica no cine da Graña e pasou a traballar en Obras Públicas. Admirábao porque era sorprendente como un home tan pequeno manexaba con tanta forza e destreza o pico e a pa, co porrón branco de auga ao lado. Recordo o seu traxe, a súa gravata negra e a súa característica boina, co pito de liar.

Cando o visitabamos na súa casa da Graña, o primeiro que facía era meter os animais no curral. A súa horta – con froiteiros e hortalizas - era un edén onde reinaba a paz e a harmonía, pero un día foi o escenario dun dos recordos máis tristes que teño. Fun testemuña dunha violenta discusión entre o meu pai e o meu avó. Pode que a mecha fora un problema laboral en que se metera o meu avó ao defender a uns compañeiros en demanda de melloras laborais e salariais. Non chegou a ser xulgado pero estivo retido na comisaría.

- Non ves papá o que che pasou? Para que te metiches en nada! Cando aprenderás!

A resposta do meu avó foi tan fulminante que lle contestou ao meu pai:

- Vaite agora mesmo desta casa! Non te quero volver ver máis.

A miña avoa Josefa parecía a Virxe da Dolorosa e, chorando, díxolle ao meu avó:

- Placidiño, non fagas iso home, non ves que é o teu fillo.

E volvéndose chorando ao meu pai, dicíalle:

- Ai, meu fillo!, non vos marchedes.

O meu pai dixo:

- Non te preocupes, agora mesmo me vou e xa non volvo máis.

Eu non comprendín o que pasaba. Ao mes apareceu o meu avó por sorpresa e fundíronse nunha forte aperta. Máis tarde pregunteille.

- Avó, por que te botaron da Mariña ?

- Placidiño, foi porque me denunciaron unhas persoas nas que eu confiara.

É probable que o meu pai e o seu irmán lle botasen en cara que polas súas simpatías republicanas foran prexudicados. O meu pai entrou na Mariña e chegou a subtenente do Corpo de Máquinas. Ao pedir o ingreso, a policía estivo facendo preguntas para elaborar o preceptivo informe. Para el, a dor máis profunda sobreviulle cando se viu abandonado por algúns dos seus propios compañeiros de armas, quen en outros momentos o buscaran para pedir e obter axuda.

O motivo de fondo.

A represión e condena exercida por parte dos militares golpistas, contra un numeroso grupo de oficiais da Mariña de Guerra, leais á República, entenderase mellor se comprendemos o profundo calado que tiñan as reformas previstas polo goberno republicano. O 75% dos corpos auxiliares da Armada (Condestables, Maquinistas, Contramestres e Auxiliares) foron depurados polos golpistas, padecendo fusilamientos, penas de prisión e expulsión da carreira militar. Desta manei-

ra garantíase que as grandes familias que controlaban o Corpo Xeral seguisen administrando a Mariña coma se fose o seu pazo particular, como corresponde a unha caste encumbrada por riba do resto da sociedade, á que miran con desprezo.

O meu avó formaba parte do colectivo a depurar, porque aínda que o seu xuízo foi unha auténtica farsa, non cabe falar de erro, xa que estaba na lista negra dos profesionais da mariña que debían abandonala forzadamente. O xuízo militar sumarísimo condenouno á perda da súa prometedora carreira militar e a 12 anos de presidio. De ter seguido na Mariña tería acadado a graduación de capitán de corbeta (comandante),coma xa dixen anteriormente. Ata o día da súa detención a súa folla de servizos era impecable xa que tiña unha media de Moi Ben.

Agora, sinto unha profunda pena de que o meu pai estea morto e non poida ver todos os documentos do expediente, que demostran que o xuízo era unha farsa. Para min, coñecer a causa 21/36 foi unha experiencia marabillosa, por canto restablece plenamente a dignidade do meu avó. Xa coa chegada da democracia, e a título póstumo, restituíuselle o grao militar ao que tería chegado.

Algúns fillos dos que no seu día se sublevaron contra un goberno legalmente constituído, seguen distorsionando os feitos. Por iso, síntome obrigado a reivindicar a figura do meu avó, un militar leal á República.

Plácido Carro Lamas

MODESTO DEL RÍO



Modesto del Río.

Modesto del Río Polo, naceu o 12 de febreiro de 1881 en San Xurxo, parroquia que daquela pertencía ao concello de Serantes, actualmente anexionado ao de Ferrol. Era fillo de Miguel e Lucía. Medrou e viviu neste lugar ata que o detiveron o 30 de xaneiro de 1938. Casado con Ángela Díaz Díaz o 5 de novembro de 1904, foi pai de nove fillos. Era un mariñeiro de complexión forte e arredor de 170 cms de altura, bastante para a súa época. Faltáballe un dente da mandíbula superior e rompera unha perna como consecuencia do seu traballo.

O matrimonio traballou duro e con ilusión para saír adiante. Os fillos incorporáronse ás actividades laborais iniciadas polo seu pai e en 1930 Modesto del Río acumulou un

considerable patrimonio e gozaba de estabilidade económica. Á parte dos seus barcos, tiñan un salón de baile onde se realizaban todos os eventos da vila. Modesto era unha persoa sen estudos pero moi sociable, íntegra, leal e sen ningunha maldade. Tiña relación con moita xente e contaba cun círculo de amizades moi amplo en todos os ámbitos sociais, de tal maneira que na súa casa sempre había xente.

Nos anos 30 un golpe de mala sorte fai que un dos seus barcos de pesca -o San Félix- tivera un accidente e afundiuse entre Meirás e Cobas. Conseguiron rescatar a todos os tripulantes pero o barco perdeuse e con el, parte da súa estabilidade tanto económica como emocional. Os seus fillos maiores empezan a independizarse e na casa só quedaban os catro máis pequenos e Carlos, que xa era un adolescente pero coa mentalidade dun neno, xa que aos nove meses sufriu unha meninxite que lle deixou secuelas psíquicas.

As súas ganas de seguir loitando e o seu tesón lévano a hipotecarse para construír outro barco, o San Francisco. Para atopar financiamento, acode a Camilo Pérez Pita, amigo e médico da casa, quen ademais, era prestamista e administrador dos seus bens. Vivía na rúa da Terra e estaba casado con María Parallé, pero tiñan outra casa en Montecoruto, con dúas palmeiras diante da entrada.

O 8 de xullo do 36 comeza a Guerra Civil e moita xente necesitaba axuda, Modesto non dubidou en axudarlles, buscándolles onde refuxiarse e suministrándolles xantar, menciñas ou calquera cousa que puidesen necesitar.

A partires de outubro do 36 é delatado e el e os seus son vixiados constantemente. Na súa casa sucédense con regularidade os rexistros, a calquera hora do día ou da noite. Paralelamente aos mesmos, unha parella de gardas civís traslada a Modesto ao cuartelillo para ser interrogado, regresando ao

cabo dunhas horas. Chegaban e violaban todos os dereitos desta familia. Se era de noite sacaban a todo o mundo da cama, incluso aos nenos. Facíanlles tirarse ao chan, daba igual se facía frío ou calor, e con todo tipo de ameazas intentaban sacarlles información. Espiabanos e mantiñanos nese estado ata que abandonaban a casa. O xefe dos falanxistas se apelidaba Rivera e era de Serantes.

Este tipo de abusos eran demasiado habituais. Un día foron máis lonxe e a Carlos que tiña uns vinte anos, puxéronlle unha arma na man, animandoo a que disparase á súa familia, aos seus propios pais e irmáns. O ocorrido neses anos nunca poderán esquecelo. En 1937, o seu xenro Jesús Lago (casado con Avelina), vendo todo o que facían ao seu sogro e á súa familia, intentou convencelo para que abandonase o país. Propúxolle levalos a Francia no seu barco, pero Modesto, aínda sabendo o risco que corrían todos quedándose, non quixo irse. Jesús Lago era carpinteiro e o seu barco tiña un motor francés moi bó.

Unha das moitas persoas ás que Modesto axudou foi o ex – alcalde de Serantes, Alejandro Porto Leis. É moi improbable que tivese estado aloxado na súa casa, xa que neste caso a filla de Modesto, María del Carmen, lembraríao. Con toda seguridade, deulle axuda económica e xantar, pois era unha persoa xenerosa que sempre daba unha parte da pesca á xente necesitada.

O 30 de xaneiro de 1938 era domingo e unha parella da garda civil e un falanxista apelidado Manuel Beceiro Santiago, lévano novamente ao cuartelillo sobre as dez da mañá. Modesto estaba na súa casa en compaña dos seus fillos pequenos de 14, 12 e 10 anos (Carmen, Alfonso e Herminio) e de dous dos seus netos. Despois de rexistrar a casa e interrogarlo, levarono. No camiño atoparonse con outra das

súas fillas que viña da misa (Jacinta), preguntoulles por que o levaban e contestaron que para prestar declaración. Ao día seguinte, a súa muller conseguiu indagar onde estaba. Tíñano na comisaría que estaba na rúa do Hospital, esquina rúa do Sol, en Ferrol. Conseguiu velo e facerlle chegar xantar.

Posteriormente, as súas fillas puideron saber que o párroco Jesús López, uns veciños falanxistas chamados Andrés Estévez "Zoquiñas" e Damián Niebla, unha mestra vida de Ordenes á que se coñecía como Dona María e outra mestra, vida de Coruña, coñecida como Dona Maruja, denunciaran ao seu pai acusándoo de dar de comer a Alejandro Porto Leis. Damián Blanco era o sogro de Doña Maruja e máis era manco. É importante coñecer que tiña un salón de baile, e polo tanto era competidor de Modesto del Rio. Durante o mandato de Alejandro Porto Leis, non tiña autorización de apertura de local. Os falanxistas destrozaron o salón de baile de Modesto del Rio.

A familia pasou eses días de porta en porta, procurando facerlle chegar xantar. Ángela, a súa muller, contou que asinara unha petición de indulto que redactara Camilio Pérez Pita. Dacordo coa súa versión, un maxistrado de A Coruña chamado Ángel Suanzes, acadou a súa liberación, pero esta non chegou a tempo. O 3 de febreiro pola mañá, foi a última vez que o viron. Unha irmá de Modesto chamada Carmen e que era leiteira, pasou por diante da comisaría o día 4 pola mañá e un garda civil que a coñecía díxolle que ao seu irmán levárano esa noite e o fusilaran. Pediulle que llo comunicase á súa cuñada. Todo isto a nivel persoal; oficialmente nunca lles notificaron nada.

Non sabemos que pode haber de certo no papel asinado por Ángela Díaz, unha muller con escasa cultura e sometida a unha gran presión emocional neses días. Descoñecemos a

existencia do tal maxistrado coruñés, pero o apelido coincide co Delegado de Orde Pública de Ferrol neses meses, o garda civil Victoriano Suances. Coincidencia?. O caso é que tralo seu asasinato, executase unha orde de embargo que beneficiaba claramenre ao matrimonio Pérez – Parallé. O argumento é que pedira un préstamo e estaba aínda sen abonar. Unha parte dos actuais descendentes de Modesto del Río nega este extremo e sospeita que Ángela asinou, non unha petición de indulto, senón algún tipo de documento que poidera dar pé ao embargo. De calquera maneira, estes papeis que supostamente asinara, son todo un misterio porque non apareceron nin foron amosados á familia, pero foron a excusa para roubarlles o seu patrimonio "legalmente".

As tres embarcacións foron confiscadas, así como o Salón de Baile e outras pertenzas. A familia queda estragada e na miseria, pois non volverán a ver nin ao pai nin ao marido, nin a gozar do que lles pertencía. Camilo Pérez Pita, quedouse con todo pagando unhas 16.000 pesetas, equivalentes ao soldo anual de dez traballadores manuais cualificados. As propiedades pasaron logo a Jacinta Pérez Parallé, unha das mulleres máis ricas de Ferrol, que veraneaba en San Xurxo e tamén tiña amizade coa familia de Modesto del Río. A cifra paréceme moi baixa xa que só quedou fóra das confiscacións un barco e Modesto del Río tiña 98 escrituras de terras. Sirve como exemplo que se leváron o Beatriz, que costara daquela 30.000 pesetas, aparellos incluidos e só deixaron o San Francisco, o buque máis antigo.

En San Xurxo moitos veciños asinaron unha petición ás autoridades pedindo que o devandito barco puidese saír a faenar e proporcionar así uns xornais que facían moitísima falta. Sen embargo, o párroco (Jesús López) negouse a asinala e por esta razón, o barco continuou en terra, ata que o

párroco de Balón o convenceu para que asinase. Boa parte das propiedades, 99 fincas de montes, prados e labranza, con moitos ferrados foron posteriormente a parar posteriormente a máns dos denunciantes.

A agresiva actitude do párroco Jesús López contra Modesto del Río sorprendeume, xa que era un sacerdote con actitudes protectoras, razón pola que os paseados na súa parroquia foron poucos. María del Carmen díxome que “era moi bo cos demais pero moi malo para nós; a min non me quería casar e dicíame que a miña nai era unha vermella“.

Parte destas propiedades pasaron posteriormente a unha familia de falanxistas da parroquía, alcumada “os chulos”, entre eles Serafín Sanz “rejeira”, Benito Sánz “Benito de Juan Antonio” e Manuel Sanz “Manolo de Plácido”.

Outros veciños tamén tiveron acceso a parte dos bens. Benito de Suso quedouse cunha das mellores parcelas (“a ponte pequena”) e outro veciño, Antonio, co salón de baile.

A fosa de Modesto.

Foi unha esmoleira chamada María Beorina, á que axudaban, a que lles dixo que Modesto del Río estaba enterrado na Praia de Valdoviño, concretándolles de maneira máis ou menos aproximada o lugar onde estaba enterrado.

Trasladáronse á praia de Valdoviño e alí falaron cun señor de nome Andrés e coñecido como “O Xitano”, que se adicaba aos percebes e á recollida de area con bois. El indicoulles o lugar exacto, e díxolles que por tres veces o atopara ao descuberto, enterrándoo de novo. Díxolles que se trataba da mesma fosa onde estaban enterrados a partir do día 3 o ex – alcalde de Serantes Alejandro Porto Leis, Jesús Miño e Avelino Landeira Maneiro. Como a Modesto o mataron o día 4, tirárono enriba dos demais. Polo tanto se se desenterra a fosa, tería que ser o

primeiro corpo en atopar. O asasinato de Modesto del Río foi o 4 de febreiro de 1938. Despois da súa desaparición, as visitas e os rexistros no seu domicilio cesaron. Logo de todo isto xa se poden imaxinar o drama que viviu esta familia. Ángela Díaz e os seus fillos maiores sacaron adiante a esta familia. Os seus fillos menores tamén tiveron que traballar a idades moi temperás. Carlos, a partir da morte da súa nai en marzo de 1954, quedou baixo a tutela da súa irmá menor Carmen. A vida de todos eles cambiara para sempre.

Os seus catro fillos maiores (tres homes e unha muller) xa estaban casados e tiñan a súa propia familia. Os outros foron chamados a filas; un foi ás frontes onde Franco contaba con soldados marroquís e logo estivo na batalla do Ebro; outro como mecánico a Pontevedra e o outro (Enrique) librou, xa que non se permitía ter a tres irmáns reclutados.

A súa muller acudiu a todos os estamentos oficiais. Nalgúns era recibida, pero nunca lle facilitaron ningunha resposta convincente e moito menos documento algún. Oficialmente nunca lles comunicaron o que lle aconteceu a Modesto. Parece ser que estivo preso no Castelo de San Felipe, pola testemuña dun soldado que facía garda e o coñecía por traballar de criado na casa dos Romeu, veciños de Modesto del Rio.

En 1979, restaurada a Democracia e con motivo de facer xestións para recuperar o cadáver e obter unhas axudas económicas para Carlos, a familia iniciou uns trámites no xulgado. Entre toda a documentación solicitada pedíanlles unha defunción de Modesto, que evidentemente non había. Para iso houbo que facer unha declaración xurada perante notario.

A familia atopou a varias persoas que afirmaron que, efectivamente, a Modesto del Río Polo matarano. Declararon ini-

cialmente dous milicianos falanxistas. Un era José Santiago, de quen os familiares de Modesto del Río pensan que non foi o que lle pegou o tiro, pero si que tivo bastante que ver coa súa morte. O outro era Antonio González ("Machete"), nado en Ourense pero que vivía en San Xurxo traballando no mar co propio Modesto del Río. Era falanxista. Tamén declararon outras persoas. Unha era José Díaz que estaba casualmente presente no xulgado e prestou declaración voluntariamente, ao coñecer o motivo. Non foron suficientes estas declaracións. Posteriormente houbo outra, a do dono do bar " O Castiñeiro ", situado na estrada de Xoane, quen coñecía os feitos e o lugar do enterramento por conversas escoitadas no seu establecemento por falanxistas. Tampouco lle serviu ao xuíz, ata que finalmente declarou Andrés " O Xitano ", anteriormente citado. Dixo que el mesmo vira tres cadáveres, e que os enterrou varias veces porque o vento os deixaba ao descuberto. Afirmou que o que estaba enriba, era o "Mariñeiro de San Jorge". Así coñecía el a Modesto, porque lle mercara os aparellos para pescar na Lagoa de Valdoviño.


Conseguir que toda esta xente -hoxe xa falecidos- fose declarar, non foi tarefa fácil. Grazas a todos eles púidose conquerir a defunción de Modesto. Actualmente dos seus nove fillos, viven catro que xa son octoxenarios e tanto eles como os seus netos seguen coa esperanza de poder darlle a Modesto un enterro digno.

Dende entón fíxose todo o humanamente posible para poder recuperar o seu corpo e aínda se segue facendo. A súa neta Luz, púxose en contacto comigo e sinaloume o lugar onde supoñían que estaba enterrado. A Asociación Memoria Histórica Democrática de Ferrolterra fixo unha exploración co xeoradar que deu unha lectura no lugar, indicando que era posible aínda que non probable que se tratase de restos hu-

manos. Lamentablemente, pecamos de ansiedade e excesivo optimismo, de xeito que trascendeu a un xornal ferrolán que xa identificaramos o lugar. Ao facer a cáta, veu a decepción. Trátase dunha paraxe onde os elementos identificativos poden (dunas, formacións arbustivas, etc) variar notablemente ao transcurso dos anos. Ademais, outros veciños discrepaban do lugar indicando que os enterramentos se produciran noutra zona.

A Historia de Modesto del Rio é unha das máis impactantes. Penso que está fora da discusión o móbil económico do seu asasinato. Modesto era un home con capital que mantiña unha certa neutralidade política. Para os sublevados, esistía a categoría de indiferentes, e os así catalogados, tiñan unha certa garantía de seguridade, pero por regla xeral, tratábase de xente sen recursos. Modesto era rico e iso despertaba envexas. Para a xente do rural, as diversas formas de solidaridade, como dar de comer ao famento e albergar a que non ten teito, formaba parte dun código ético non escrito pero fortemente grabado na súa escala de valores. Ista foi a escusa atopada para o espolio.

Este relato foi elaborado mediante entrevistas desenvolvidas por *Enrique Barrera Beitia* aos fillos e fillas, netos e netas de Modesto del Río, destacando especialmente a colaboración de Luz Montero.



Avelino Landeira.

Nacín no ano 1916 no concello de Serantes, anexionado na posguerra a Ferrol. Os meus pais eran Matías e Petra, labradores. Tiveron cinco fillos e tres fillas sendo eu o menor de todos eles. Na nosa casa de Santa Mariña vivíamos seis irmáns, Felicia, Rosa, Carmen, Francisco, Cándido e eu. Avelino e Matías estaban casados e vivían na súa propia casa.

Fun pouco á escola porque tiña que axudar aos traballos na casa e levar as vacas a pastar. Ademais, a escola daqueles anos da Dictadura de Primo de Rivera era moi mala. Só aprendías as catro regras, a ler e escribir. Lémbrome que a entrada e a saída da escola tiñamos que rezar o rosario. Para

nós era un ambiente opresivo, porque toda a miña familia simpatizaba coas ideas libertarias e co sindicato anarquista CNT. Aos quince anos aprendín o oficio de electricista no establecemento da Viuda de Pedro Fernández, que estaba na rúa Magdalena. Aos 17 anos empezaron a pagarme un soldo de 4 pesetas a semana, unha miseria. Daquela, cobraban entre 30 e 40 pesetas semanais, aínda que algúns asinaban un contrato por estas cantidades e logo aceptaban cobrar menos.

A chegada da República.

A chegada da República foi positiva para nós e para a xente das nosas ideas. As miñas lembranzas desta época son de ledicia e de liberdade, pero naturalmente, había outra xente con outras ideas, para os que a República era un réxime a combater coma fose. Así foi como no mes de xullo de 1936, os militares deron o golpe de estado que desembocou na guerra civil.

Nos seis anos de República, ninguén de nós destacou na actividade sindical ou política, nin tivo cargos no sindicato CNT. A nosa adhesión a estas ideas era sincera pero discreta, polo que quedamos exentos da primeira vaga represiva levada a cabo polas novas autoridades. Dende logo estabamos dispostos a axudar aos escapados, é dicir, á xente que estaba perseguida polas autoridades militares.

Solidariedade cos perseguidos.

O primeiro en aparecer foi Domingo Serantes, secretario da UXT (Unión Xeral de Traballadores), o sindicato socialista. Fixémoslle un refuxio baixo as táboas dunha habitación, o qué hoxe día se coñece como un "zulo". Logo duns días, marchou para a súa casa porque foi quen de facer alá outro zulo.

Días despois apareceu o ex-alcalde de Serantes, Alejan-

dro Porto Leis, totalmente desmellorado, pedindo comida. As miñas irmáns déronlle a comida que estaban a facer e logo marchou. Cando regresamos a casa, contáronnos o sucedido e o meu irmán Avelino, dixo:

- Deberíamos recollelo, a vindeira vez que apareza.

Alejandro estivo en San Xurxo, pero debía sentirse vixiado ou ben tivo problemas, o caso é que marchou desa parroquia. Na nosa casa, amañámoslle outro refuxio mellor preparado que do que o tivera Domingo Serantes. Constaba dun dobre tabique e estaba nunha habitación do piso superior. Nembargantes, tivemos dous problemas que logo terían moita importancia. O primeiro foi a chegada dunha tía que estaba traballando na casa de Ramón Allegue, un xastre do Alto do Castaño. Non sei exactamente que pasou, pero deixou ese traballo e veu a instalarse na nosa casa. O problema era que tiña outras ideas políticas e non estaba dacordo con que tiveramos recollidos a escapados. Para evitarnos problemas, o meu irmán Avelino buscoulle outro sitio, na casa de Jesús Miño.

O segundo problema é que tiñamos dous veciños que estiveron o día 20 de xullo no cruceiro Almirante Cervera. Para os que descoñezan a historia, direi que ese día, houbo un certo número de paisanos que entraron no Arsenal Militar para falar cos mariñeiros e pedirlles que defenderan a República. Este foi o caso de Almirante Cervera, que estaba varado no Dique seco do Arsenal. Un día, apareceu unha parella da Garda Civil e como non estaban, deixaron recado as miñas irmáns para que foran avisados de que debían presentarse no cuartel. Estes dous veciños pediron consello a Avelino. Daquela, xa era por todos coñecido que se estaba asasinando xente a esgallo e que sacaban os presos das cadeas e os mataban de noite. Había moitos arribistas desexosos de congra-

ciarse cos novos gobernantes e mesmo había sindicalistas da CNT que se uniron aos falanxistas e delataban aos seus antigos compañeiros. Un deles, xa rematada a guerra, apareceu morto na Estación do Ferrocarril. Avelino contestoulles.

- Mirade, a vista do que está a pasar, eu de vós, non me presentaría.

Desgraciadamente, estes veciños foron detidos posteriormente, e cando se lles preguntou por qué non se presentaron, non tiveron mellor ocorrencia que dicir que foi seguindo o consello de Avelino Landeira. A consecuencia foi que Avelino foi detido no seu posto de traballo na Maestranza da Armada e que Miño debeu asustarse ao coñecer a noticia. O caso é que Alejandro Porto Leis, escapoulle da súa casa e presentouse no consultorio do médico de Serantes, apelidado Fajardo. Estaba enfermo e quería medicación. Antes de lle pasar a consulta, Fajardo mandou recado de que avisaran a Garda Civil e así o detiveron. Xa no cuartel, Alejandro Porto Leis o contou todo. Detiveron ás persoas que o tiveran recollido: Modesto del Río, pescador de San Xurxo, o meu irmán Avelino e Jesús Miño. Como todos saben, os tres, xunto con Alejandro, foron paseados.

A morte de Avelino e tres máis.

Coñecemos o asasinato de Avelino a través dun medio parente que vivía na Porta de Neira, apelidado Ramírez (1). A sogra deste señor e o meu pai eran primos carnais. Tiña unha tenda de ultramarinos e toda a nosa familia mercáballe. Ramírez e o noso tio Ambrosio Landeira, eran sempre os organizadores das festas locais e veciñais e levábanse ben. Esa amizade permaneceu ata que estoupou o golpe de estado provocado polos militares. Ambrosio era de esquerdas e Ramírez de dereitas. O inicio da guerra civil colleu a Ramírez na Serra do Guadarrama (Madrid), nun centro hospitalario

facendo compaña dun fillo tuberculoso. A causa do avance das tropas franquistas a Madrid, puido regresar a Ferrol.

Formaba parte das milicias armadas que patrullaban en parella a cidade de noite. Tocáballe garda canda sacaron a Avelino da cadea e a mañá seguinte, cando atopou ao meu tío (falaban tódolos días) deulle a nova:

- Hoy le tocó a tu sobrino.

Ambrosio Landeira, foi que nos deu a triste novidade.

Tamén detiveron as miñas dúas irmás, que pasaron uns meses na cadea que estaban no edificio actualmente dedicado a cuartel ou comisaria da Policía Nacional, na Avenida de Vigo. Por certo, que na guerra estivemos a piques de perder tamén a outro irmán, Francisco. Traballaba na Bazán e cando os franquistas botaron os cruceiros Canarias e Baleares, os alemáns decidiron instalar un novo sistema de tiro, polo que algúns traballadores de Bazán foron embarcados para axudar aos mecánicos da Armada. Francisco foi embarcado no Baleares, pero o día anterior do seu afundimento (2), foi cambiado xunto a outros tres compañeiros para o Canarias, salvando así a vida.

Dentro do elevado número de ferroláns asasinados, lémbrome especialmente dalgúns deles. É o caso de Cebral (3), que vivía no paso a nivel do cabalo Branco. A diferencia dos demais, deixaron a súa muller que o enterrara no cemiterio de Santa Mariña. Adornoulle a tumba con rosas vermellas e o párroco lla mandou quitar. Tamén sei do caso de dous irmáns de San Xoán que estaban perseguidos. Cando os detiveron os levaron ao Castelo de San Filipe e obrigaron a un deles a contemplar o fusilamento do outro. Tampouco esquezo a un tipo chamado Don Julio, que tiña unha fábrica de chocolate e que acudía tódolos días ao Suizo a repartir puros a

todos aqueles que formaban parte das cuadrillas de paseantes e executores.

A miña detención.

Debo dicir que eu tamén estaba escapado, porque fun mobilizado por ter 20 anos, o mesmo co meu irmán Cándido, que tiña 24. Non nos presentamos, polo que eramos prófugos. Pensabamos que a guerra duraría pouco tempo e que gañaría a República. Confiábamos moito na axuda da Sociedade de Nacións e das democracias occidentais. Desgraciadamente se desentenderon, todo o contrario de Hitler e Mussolini, que deron a Franco, a axuda que precisaba para gañar a guerra.

Estivemos agochados na casa de Avelino e posteriormente, na casa de Manuel Villaverde, que tiña un fillo (José) na nosa mesma situación. Todos estabamos nun zulo, que como estamos a ver neste relato, debía ser algo sumamente común nas casas de Serantes. Cando liberaron ás miñas irmás e á miña tía (a que chegou do Alto do Castaño) marchou, regresamos a casa e aguantamos ata que rematou a guerra, no mes de abril de 1939. No mes de Xullo dese mesmo ano, tivo lugar a famosa fuxida de vinte e tres escapados nun pesqueiro capturado no peirao de Ares. Nel, escaparon – entre outros - o ex-alcalde socialista de Ferrol, Andrés Santamaría, Domingo Serantes, Abella e un ex garda civil apelidado Rincón, que escapara xunto con Andrés Santamaría da cadea a véspera da súa execución. Saíron moitas cuadrillas rexistrando as casas pero non os atoparon. Precisamente Rincón, que estivo agochado xunto a Alejandro Porto Leis, foi descuberto por un xoven falanxista nun piñeiral preto das praias de Doniños e San Xurxo, pero o desarmou e o matou.

O barco chegou a Francia e Domingo Serantes tivo a ocorrencia de escribir unha carta ás miñas irmás, que foi inter-

ceptada pola policía, polo que mandaron a unha parella da garda civil para detelas. Cando chegaron non estaban elas, pero si o meu irmán Cándido e eu, que xa tiñamos pensado entregarnos. A sorpresa da parella da Garda Civil foi grande e os levaron ao cuartel de Ferrol que estaba ao carón da Igrexa de San Francisco.

O xuíz de Serantes era o noso tío Julio Maneiros que mandou unha carta a Garda Civil. Non sei o contido da mesma pero o caso é que mentres ao meu irmán Cándido non o tocaron, a min –como vulgarmente se dí-, fixéronme un traxe. Era a noite do 31 de agosto e estaban a botar os fogos de Amboaxe. Un dos que máis me mallaron foi un coñecido sarxento da Garda Civil apelidado Varela.

Tamén estaba un garda civil coñecido como Isidro, que nun intre determinado dixo aos presentes que eramos irmáns de Avelino. Varela detivo a malleira e comentou:

- Así que estos eran los que estaban con Porto Leis, eh?. Vamos a ir al Gobierno Militar a ver que instrucciones nos dan.

Cando regresaron, non continuaron cos golpes. Isidro, que tiña a lingua moi solta, díxonos:

- Tuvisteis suerte. Le dijeron (a Varela) que no tiene nada que ver su caso con el vuestro y que no tenía que haceros lo mismo que a ellos.

Por estes comentarios, eu sempre pensei que ese Varela participara no asasinato do meu irmán e das outras tres persoas. Foi paradoxal que a Varela o mataran anos máis tarde os seus propios compañeiros na parroquia de Reguela (no concello de A Capela), co gallo dunha batida contra guerrilleiros antifranquistas. Aconteceu que se toparon na escuridade dous grupos de gardas e téndose uns aos outros como

guerrilleiros, disparáronse entre se, co resultado da morte de Varela.

Esto o souben precisamente porque chegou un señor – supoño que veciño dese lugar – coa cabeza malferida. Non lle fixeron a cura porque foi paseado de contado.

No Castelo de San Filipe.

Eu, como prófugo, ingresei o 31 de agosto de 1939 no tristemente coñecido Castelo de San Filipe, cando as cousas melloraran notablemente respecto os meses anteriores. Cando entrei, había 31 presos con condenas de pena de morte. Un día, mandaron baixar a trinta deles ao patio para comunicarlles que se lles conmutara a morte por cadea perpetua. O preso restante ía ser fusilado. Era un rapaz de Pontedeume que afrontou moi dignamente as súas últimas horas (4). Baixou dando vivas á República e á Libertade e as dúas horas de permanecer na capela de illamento, foi fusilado. Coido que foi o derradeiro fusilado no Castelo de San Filipe. Os presos contáronme que había un sancristán que vivía no Castelo e tiña uns porcos. Cando fusilaban no foso e retiraban os cadáveres, o sancristán abría as portas e os porcos saían a beber o sangre dos fusilados.

Na rúa.

O 3 de febreiro de 1940, marchei para facer o servizo militar, de maneira que o 28 dese mesmo mes mandáronme ao mesmo Castelo de San Filipe para montar garda. O meu irmán aínda quedou preso algún tempo. A mili fíxena en Ferrol, sen especial relevancia.

Nestes días déronme permiso para asistir no Arsenal precisamente ao xuizo contra os responsables da fuxida de Ares. Evidentemente foron xulgados en rebeldía dado que estaban en Francia. Os fiscais centraban os insultos no patrón respon-

sable da fuxida, que tiña o alcume de "cagallón d´ouro". Evidentemente estaban moi doentes e nunca empregaban o seu verdadeiro nome, utilizando o alcume de maneira despectiva. Poucas veces pasei tanta rabia por ter que calar diante a chulería barriobaixeira dos altos mandos da Mariña.

Tamén asistín ao xuizo contra as miñás irmáns, acusadas de axudar aos escapados. Tamén estaba acusada Francisca Porta, a muller de Domingo Serantes. Foi no ano 1943 e o defensor era curmán de Matías.

O remate da mesma, retomei o traballo de electricista. Estiven cun rapaz, tamén electricista, Manuel Rey, e compañeiro meu dos tempos nos que traballaba no comercio da Viuda de Pedro Fernández e que montara un comercio propio na rúa María. No ano 1952 entrei en Unión Fenosa, daquela coñecida como La Gallega. Non teño moito que contar a partires destas datas. Houbo moita fame, pero como nós aínda cultivábamos a terra, tiñamos alimentos propios e non pasamos penalidades. Lémbrome que as autoridades pedían levar a cada agricultor cinco quilos de fabas e pagábannos moi pouco por elas, pero o curioso é que o encargado de recollelas era un comerciante que tiña trucada a báscula de maneira que os 6 quilos marcaban 5. Evidentemente quedábase co quilo restante.

A CNT non se reconstruíu e co paso do tempo, o sindicato que empezou a traballar polos intereses dos traballadores foron as CCOO, pero xa estamos a falar doutros anos (a década dos sesenta) e doutros feitos. Nós, fixemos como moitos, axudar aos perseguidos pola Dictadura, e tivemos a mala sorte de que nos descubriran. En San Xoán, houbo un veciño chamado Luís Fraga a quen deberían darlle unha medalla, porque tivo agochados a moita xente e tivo a sorte de que nunca o descubriran, pero correu un grande risco (5).

Acotacións:

1. Trátase de Ángel López Ramírez. Era comandante de Milicias da Falange e polo tanto, un dos responsables dos paseos. Respecto a cuádruplo asasinato da praia de Valdoviño, coñecemos por testemuñas que tivo problemas de conciencia con posterioridade e pediu perdón á muller dunha das víctimas.

2. A batalla do cabo de Palos tivo lugar na madrugada do 5 de marzal de 1938. Ás 00:38 as escuadras cruzaronse a menos de 2.000 metros. A escadra republicana, mandada por Ubieta invirteu a marcha para seguir a escuadra franquista mandada por Vierma, quen cometeu o grave erro de comunicarse as 02.00 horas cos demáis barcos polo Scott (señais luminosas). Deste feito sinalou a súa posición aos destructores republicanos que lanzaron case todos os seus torpedos. O "Lepanto" acertou as 2.19 horas e o Baleares afundiuse, envolto nunha inmensa pira.

3. Refírese a Ramón Cebral Sueiros, un capitán de infantería de mariña leal á República.

4. Trátase –ao meu entender– de Manuel Tenreiro Mosquera, pero non era de Pontedeume senón de Miño. Anteriormente fusilaran tamén ao seu pai.

5. Luís Fraga Manivesa casouse con Geneveva Anido e traballaba na Constructora Naval (Bazán) no gremio de gradas. Tiña –entre os moitos agochados- a un fillo (Bernardo Fraga Anido), para evitarlle ir a guerra e que viña de se casar.

A nora dicía a Luís:

- E se quedo embarazada nunha destas?. Daquela saberán que Bernardo está aquí.

- Daquela diremos que eu son o pai.

A finca era moi grande, con moito arbolado e terras de labranza. No chan da casa –que era de terra– tiñan un tunel duns quince metros, accedendo ao mesmo pola despensa. A entrada facíase por un furado oculto por unha tina enorme de madeira na que salábase a carne. O tunel daba a un gran zulo.

Tiña a moita xente agachada e a ninguén se lle negaba comida e hospedaxe. Pola noite saían pero polo día quedaban no zulo e como fumaban moito, víase sair o fume pola terra, polo que botaban enrriba toxos para disimular e para que ninguén pisara ese terreo, polo risco de afundir o furado e descubrir o zulo. Ao seu fillo, tiñao oculto nun dobre tabique de madeira na súa habitación. Viñan moitas persoas de Ferrol e Serantes para traer comida para os seus familiares e amigos, polo que é incrible que non se descubrira nada, pese a que houbo varios rexistros.

Nunha ocasión, os falanxistas viñeron cun camión e detiveron a Luís Fraga, berrando que se non aparecía o fillo de súpeto, o levarían para matalo. Nese intre, saiu o fillo do escondite e entregouse aos falanxistas. Estes meterono no camión e o levaron para pasealo, pero subindo polo Escorial (un grupo de casas preto do actual cuartel da Policia Local), cando chegaron á altura das columnas de San Pedro (onde está actualmente o servizo do 061), estaba un posto de vixiancia. Os militares dixeron aos falaxistas:

- Imos ver qué mercancia levades.

O xefe do retén coñecíao, de maneira que ao velo, exclamou:

- Coño Bernardo, que fas aí!

- Xa ves.

- Este queda connosco.

E desta maneira, salvou a vida. Logo estivo preso no castelo da Palma, no concello de Mugardos e fixo a guerra en África.

O neto, Luís Fraga Varela, lembra ao seu abó escoitando todas as noites Radio París e tamén que moita xente está agradecida polo que fixo. Realmente correu un enorme risco e tivo moita sorte. Luís Fraga non contou nada disto e o que se sabe é polo que contou a súa nai antes de morrer.

DAVID FERNÁNDEZ DOPICO,

MARIÑO DA ARMADA REPUBLICANA.




David Fernández en 1935 na cuberta do destructor Churruca.

Nalgunha ocasión, pensei realizar algún traballo sobre a vida e exilio do meu pai que viviu e sufriu de maneira moi directa os acontecementos daqueles anos, dos cales aínda hoxe se evita falar, e mesmo se quere ocultar á inmensa crueldade que supuxeron para gran parte da poboación os métodos e prácticas exercidas durante o período da guerra e anos posteriores polo bando que "gañou" a guerra.

A historia arrinca cando o meu pai traballador da Sociedade Española de Construcción Naval (actual Navantia)

abandona o estaleiro e ingresa na Armada para facer o servizo militar. A súa vida como mariño iníciase no ano 1930 e é destinado de maneira fixa á base Naval de Cartaxena no Destructor Churruca onde pasa todo o período da guerra.



Destructores republicanos no peirao de Cartaxena en 1935.

Oficialmente abandona a Sociedade Española de Construción Naval (actual Navantia) o 30 de Decembro de 1929. Pouco tempo despois ingresa no Buque Escola Carlos V para iniciar estudos de artillería . O 4 de Decembro de 1930 é nomeado Cabo Cañón . No ano 1931 é destinado á Base Naval de Cartaxena e no mes de marzo é destinado definitivamente no Destructor Churruca. No mes de abril de 1933 é destinado á Escola Naval de Marín para especializarse en artillería. O 13 de outubro de 1933 é ascendido e nomeado Cabo de Artillería. Xa iniciada a guerra, no mes de abril de 1937, recibiu a felicitación do Xefe do Estado Maior da Escadra da Republica, polo descubrimento dunha fonte que filtraba información confidencial dos movimentos das operacións da flota. En 1938 é ascendido a auxiliar alumno de Artillería, último nomeamento dado que o levantamento fascista ía terminar con todas as ilusións e proxectos de futuro que este e

moitos outros mariños tiñan. A bordo do Churruca desempeña o cargo de Responsable de Avituallamento do buque. Tras o torpedeamento do Churruca no interior da Base Naval de Cartaxena por un submarino italiano, no mes de xaneiro de 1939 é destinado no Destructor Lepanto ata o fin da guerra iniciándose o exilio a Bizerta (Tunisia) no mesmo buque.

Do seu paso pola Armada só lembra bos momentos e nunca se lle ocorreu pensar na súa volta ao estaleiro; sempre orgulloso de ter estado e sido mariño naqueles anos.

Segundo a historiografía franquista, a escadra republicana só se adicába a labores de protección de convois e patrulla a pesar de compoñerse dun número relativamente importante de buques. No destructor Churruca o meu pai pasou algúns momentos da guerra no porto de Cartaxena. Alí asistiu aos numerosos bombardeos da cidade de Cartaxena por parte da aviación fascista de xeito que quedou semidestruida. Como consecuencia diso ten lembrado en moitas ocasións os horrores provocados por aqueles bombardeos e o sufrimento e a fame do pobo de Cartaxena. A última finalidade daqueles bombardeos era desmoralizar á poboación de Cartaxena e acabar cos buques atracados no porto. Nesa odisea en que Cartaxena se converteu e estando atracado, o destructor Churruca –coma xa dixen anteriormente- foi torpedeado por un submarino italiano que se atreveu a entrar na base. O barco púidose salvar grazas ao esforzo da tripulación quedando o buque bastante afectado e semiafundido.

1936.

No mes de xaneiro de 1936 o meu pai viaxa dende Cartaxena para contraer matrimonio coa miña nai ese mesmo mes. Xa o matrimonio fala de plans de futuro para ambos, ou sexa contemplan que a miña nai marche para Cartaxena a vivir debido a que este estaba destinado de maneira definitiva

nesa cidade. Tras contraer matrimonio, o meu pai regresa a Cartaxena para solventar algún asunto e regresar novamente a casa para pasar un mes de permiso. Pero non é así, tal vez os acontecementos daqueles meses impiden o seu regreso para gozar daquel permiso. Era a última vez que a miña nai volvía a velo, pois poucos meses despois estoupaba o golpe fascista e nunca máis, ata o ano 1949, volvían a verse os esposos. Longa e penosa incertidume durante anos en que non se tivo novas del. Desaparecería ou morrería na guerra?

Nese mesmo ano, en outubro de 1936, froito dese matrimonio nace a miña irmá Amelia. Esa nena, tampouco ía coñecer ao seu pai ata o 18 de outubro de 1949 data na cal chegan a nai e a filla ao porto de Orán procedentes de Port Vendres (Perpignan - Francia).

Qué aconteceu aquel ano de 1939?

No mes de Abril de 1939, a flota republicana inicia o seu exilio para o porto de Bizerta. Chegados ao devandito porto, ás tripulacións requísaselles practicamente todas as súas pertenzas persoais e só gardan algunha cousa de uso persoal. Empezou a segunda gran aventura destes profesionais, calquera tipo de gabanza para con "esta xente" é moi pouca. A devandita segunda gran aventura pode resumirse en poucas palabras: internamento nos Campos de Concentración de Túnez. "Instálanse" nunha antiga mina sita no sur do país, totalmente desprovista, nomeada Campo de Concentración de Zebbeus. Logo, o meu pai e outros douscentos cincuenta compañeiros máis foron internados no campo de Gabés, no sur do país e preto da fronteira de Libia, nun réxime disciplinario. A razón do traslado deste continxente foi que foron considerados "elementos radicais". Algunha testemuña allea ao campo, consideraba que este era un "campo infernal". Logo de moitas vivenzas estremecedoras, os "transpor-

tan" en vagóns de tren para gando a Arxelia. Xa neste país o meu pai coñeceu o campo de traballos de Boghari, o sur de Arxelia e finalmente o de Kenadsa, outro campo de traballo forzado para explotar unha mina de carbón en pleno deserto do Sáhara. Có desembarco e victoria dos aliados en África, rematan estas penalidades, de xeito que o meu pai foi definitivamente liberado o 26 de maio de 1943, instalandose na cidade de Orán, sendo o seu primeiro destino laboral, o porto de Orán.



David Fernandez (no medio da imaxe) no campo de concentración de Boghari en Arxelia. 1941.

Algún lector mal informado segue crendo que Francia maltratou a este continxente de militares pois as autoridades francesas daquela época só se suxeitaban ás ordes dictadas polo goberno de Vichy, colaboracionista da Alemaña Hitleriana. A partires do verán de 1940, Francia quedou desprovista de goberno propio por la imposición do goberno colaboracionista de Vichy que condenou a estes profesionais aos campos de concentración por mandato do goberno nazi do III Reich.

A solidariedade amosada polas xentes deses pobos, refírome a Tunisia e Arxelia, foi magnifica. Mobilizáronse asociacións, organizacións e outros para apoiar a todos estes loitadores vencidos.

Os campos de concentración e outras humillacións.

Enfermaron e morreron os máis febles, era unha cuestión de resistencia física e psíquica, sobre todo física dado que aos doentes non se lles atendía. Todos convivían diariamente coa morte, a fame asexábaos cada día; as condicións de vida foron moi duras e totalmente inhumanas. O réxime de Vichy quería desfacerse deles.

Dentro deste macabro panorama tamén lembraba algún acto de sabotaxe que eles facían á administración do campo e entón ría con franqueza. A pesar das duras condicións de vida nos campos de concentración, este continxente estaba animado, pois a segunda guerra mundial estaba tocando ao seu fin tralas derrotas dos alemáns en Rusia que minguaron moito a capacidade ofensiva de Alemaña. Todos pensaban que pouco lles quedaba, que regresarían a España pensando en que os aliados ían tamén a derrocar ao réxime franquista. Dicía o meu pai: “xa tiñamos a maleta preparada para regresar a España”. Non foi así e por mor da guerra fría, o goberno de EEUU preferíu apoiar e manter a dictadura de Franco, polo seu grande anticomunismo, antes que restablecer unha democracia.

Algúns, como sabían que este país ía ser o seu refuxio definitivo, contemplaron pois empezar a estudar o idioma, neste caso o idioma francés. Dicíame el, que aproveitaban ata o papel que servía de envoltorio da latas de leite condensada para escribir e estudar.

Tamén nese período, o embaixador de España en Paris,

Lequerica, empezou a negociar coas autoridades francesas da época, o regreso das Forzas Republicanas a España. De novo, trataban de acabar con este continxente. Pois o destino final destes mariños reclamados por Franco sería, supoñemos todos, a cadea e- nalgún caso- o pelotón de fusilamento.

Regreso á vida e en busca de traballo.

Tralo período pasado nos campos de concentración, o primeiro traballo do meu pai estivo situado no porto de Orán onde estaba destinado na área de manutención do porto. Logo pasou a traballar, tamen no porto de Orán, con forzas americanas aliadas estacionadas debido aos acontecementos da 2ª Guerra Mundial e do desembarco aliado; estivo destinado no servizo de mantemento destas forzas.

Mais adiante, optou a un posto de axustador mecánico nun consorcio de empresas francesas encargadas da construcción da base naval antinuclear de Mers-el-Kébir sita nos arredores de Orán, a maior base militar naval do Mediterráneo, obra do goberno francés. A obra durou uns 20 anos. Neses anos tivo ocasión de estudar e especializarse e chegar a ser un profesional altamente cualificado e apreciado. Ao finalizar esta obra seguiu coa mesma empresa e filiais iniciando novas obras e pasando a ser ascendido á categoría de Cadro e Xefe Mecánico, xubilándose posteriormente.

A pesar do seu exilio, este continxente tivo a gran sorte de poder gozar de moitas cousas que estaban prohibidas nesa España Franquista. O importante: As liberdades persoais e colectivas, ser cidadáns de plenos dereitos e ter acceso a calquera ben como calquera outro cidadán.

En xeral, a práctica totalidade destes mariños acadaron boas situacións. A súa loita, tesón, valentía, honradez axudaron en gran parte a este continxente a acadar o seu premio

final a tantas desgrazas e mala sorte.

Actividade política e sindical no exilio.

Tralo seu regreso dos campos de concentración e incorporación á vida civil en Orán, gran parte deste continxente incorpórase a algún partido político, xeralmente ao Partido Comunista. A este último incorpórase o meu pai, vendo naquilo unha necesidade para derrocar ao fascismo internacional e en particular ao fascismo que asolaba España. Durante anos comprométese con ese partido e adica parte do seu tempo á loita política e obreira. É naquel entón que coñece a Marcelino Camacho, fundador de CC.OO. e antigo Secretario Xeral dese sindicato na democracia. A finalidade de todos estes refuxiados é arrinconar, illar e derrocar ao réxime franquista. Tamén a súa loita esténdese dentro do país que os acolle co obxecto de mellorar en colaboración coas demais forzas sociais do país os condicións laborais e sociais. Son anos de progreso da clase obreira internacional. Anos máis tarde Marcelino márchase a loitar a España e funda con axuda doutros militantes o maior sindicato español CC.OO. O exilio xerou grandes figuras políticas e sindicais como esta última.

Lembra a miña irmá, que Marcelino non vivía lonxe da nosa casa. Marcelino recibía os lotes da publicación “Mundo Obrero” que logo repartía en pequenos lotes a outros militantes que á súa vez vendían. A miña irmá adoitaba ir á súa casa para recoller as publicacións. Marcelino era o Secretario de Organización, o meu pai desempeñaba outro cargo.

E de mencionar a solidariedade e loita emprendida polos exiliados españois en achegas monetarias e outras iniciativas acudindo en axuda dos presos e familiares encarcerados nos cárceres franquistas. Outros compañeiros, ían en misión secreta a España e regresaban con información e outros me-

nesteres.

Entre todo o gran número de actos emprendidos para derrocar ao réxime franquista tamén se organizaban manifestacións diante do Consulado Xeral de Orán. Así mesmo, os actos do 1º de Maio eran motivo para corear o fin da dictadura en España. Calquera acontecemento ou acto era aproveitado para corear o derrocamento do réxime franquista. É de subliñar que o continxente de exiliados na provincia de Orán era bastante importante.

Acerca da miña nai.

Despois de ter contraído matrimonio en 1936 co meu pai e marchar este a Cartaxena, a miña nai non volve a velo a pesar de que está previsto o regreso do seu marido por permiso. Tras varios anos sen noticias do seu esposo, volve a ter noticias no ano 1942. Está previsto que a miña nai vaia vivir co meu pai pero iso só é posible a partir do ano 1949 en que a miña nai e a miña irmá viaxan a Orán.



Manifestación do 1º de Maio de 1966 da comunidade española exiliada en Orán (Arxelia). (Josefina Martínez é a 1ª pola dereita).

Entrementres, en 1947, xorde algo terrible e inesperado. Unha tarde, chegan á casa da miña nai e as súas dúas irmás tres membros da Garda Civil e as levan presas. Convivían xuntas coa nena, a miña irmá Amelia. Eran propietarias dunha panadería herdada dos seus pais. No momento de ser arrestadas estaban en plena labor, retirando o pan do forno e colocándoo en mesas. Son pois levadas as tres, á vista da veciñanza, ao Cuartel da Garda Civil de Xuvia e detidas durante 15 días no devandito centro. Son interrogadas e tratadas brutalmente, sen conseguir a cambio nada.

Que ocorreu?. Naquel entón, anos posteriores á guerra, fórmanse grupos de guerrilleiros ou mal chamados "escapados". Escolleron a casa das tres irmás para ser acubillados de cando en vez, cando un deles foi detido e tras terlle prometido que se lle pagaría unha viaxe a un país de Latino América, accede a denunciar o lugar onde estaba acubillados: ese lugar áchase na casa das tres irmás Martínez na Mourela (Concello de Neda).

Tras permanecer 15 días no cuartel de Xubía son trasladadas ao cárcere da Coruña. É época de moitos arrestos sen motivo algún. Aí coñecen entre outros a D. Paco de la Merced, tamén preso, medico moi coñecido en toda a comarca pola súa profesionalidade, bondade e solidariedade.

Fanse cargo da panadería, mentres non saen libres, algúns membros da familia Martínez, familia moi coñecida na comarca. A miña irmá Amelia queda soa e é custodiada pola familia. Saen libres seis meses máis tarde.

Viaxe e exilio a Francia.

No ano 1949, tras viaxar en tren durante tres días vía Francia, chegan por fin a Barcelona acompañados dun familiar. Alóxanse nun hostal durante un mes tratando de arranxar a

documentación para cruzar a fronteira rexeitada a tramitación da documentación, e acompañados dun guía, marchan para Francia e pasan clandestinamente a fronteira de noite e a través de carreiros con outros refuxiados. A miña nai e a miña irmá tiveron que pasar clandestinamente debido a que o meu pai se nega a acudir ao Consulado de España en Orán e tramitar a correspondente documentación para que estas podan viaxar. Esta negativa a emprender dilixencias diante do Consulado é debido a unha cuestión de honra por parte deste continxente; ningún exiliado pisaba nin se dirixía naquel entón ao Consulado Español.

O lugar de estacionamento dos refuxiados é Perpignan onde as autoridades francesas os albergan nun campo durante un mes en espera doutros trámites. De seguido embarcan en Port Vendres nun barco vía a Orán. Nesa cidade espéraas o meu pai; tamén as esperan un continxente importante de exiliados para celebrar a súa chegada. Tras anos de separación reemprendese por fin a vida en común para ese matrimonio e filla. Un ano máis tarde nacín eu, David, o seu segundo e último fillo.

Acerca do regreso do meu pai a España.

No ano 1964, o meu pai decídese a vir a España por vez primeira a partir do seu exilio a pasar unhas vacacións. Antes de chegar a esa decisión, moitas preguntas se fixo este home. En pleno apoxeo da dictadura, sería tal vez un gran risco que corría. Mediante pescudas emprendidas pola familia en España coas autoridades locais e provinciais comunícase que o meu pai podía viaxar a España sen problema algún.
O meu pai decídese a emprender esa viaxe. Contento pero con algunha desconfianza pois na rúa e en conversas mantidas cos amigos e camaradas, avísano de que non dese ese paso pois ao chegar ao país o deterían. Pregunto eu: porqué

motivo se atreve a, acudir ao Consulado de España en Orán e solicitar o pasaporte? Era a primeira vez que o pisaba, moi a pesar seu, e lamentándoo moito pois non quería pedir nin solicitar nada ás autoridades franquistas. Eu supoño que o meu pai pensou que xa abondaba de sacrificio durante tantos anos e que algunha vez tería que volver a ver o seu país e a súa familia. Os seus pais xa faleceran sen velo, non ía tamén ocorrer con outros membros da familia.

Xa o ano anterior viaxan a miña nai, irmá, cuñado e eu o seu fillo a España para unhas vacacións e comprobar de preto o ambiente que reinaba no país naquel entón. É a primeira vez que a miña nai viaxa a España tralo seu Exilio a Orán en 1949. Pasaron 13 anos.

Chegamos a Alacante o día 18 de Agosto de 1963. Despois de tantos anos pisaba por primeira vez terra española. Tras pasar as formalidades de aduana, a policía franquista retén o seu pasaporte. Momentos de angustia, medo; chaman ao meu pai polos altofalantes do aeroporto para que se presente ao posto de policía do aeroporto. Quedamos a miña nai e eu a sóas. Momentos de grandiosa angustia e medo. Que podería pasar?, deterano ? Tras unha hora aparece o meu pai libre, a miña nai sorí chea de alegría. No seu pasaporte da época consta o seguinte:

"Dilixencia. – Para facer constar que o titular deste pasaporte foi advertido da obriga que ten de presentarse á Autoridade Gobernativa do lugar a onde se dirixe, dentro do prazo de cinco días, contado a partir da súa chegada. Alicante 18.08.1963. O Inspector de Servizo".

Que ocorreu nesa hora?, pois que someteron ao meu pai a un interrogatorio, tamén lle comunicaron que quedaba libre para circular por todo o territorio e que tería que presentarse ás autoridades locais cinco días despois da súa chegada. En

efecto aos cinco días da súa chegada a Fene diríxese unha mañá á Comisaría de Policía de Ferrol onde o interrogan e lle comunican que pode circular libremente por todo o territorio e que ninguén pode e poderá "meterse con el" e que no caso en que ocorrese algo que se puxese en contacto de contado coa Comisaría de Policía.

En efecto, todo foron abrazos por parte de veciños, amigos e familia que duraron semanas. Pero, dentro desta alegría xeneralizada, o réxime sempre queda vixiante e expectante con estes valentes.

Un día, estando o meu pai na tenda do seu cuñado "Casa Feal" en Sillobre, lugar onde pasabamos os veráns, aparece unha parella da garda civil e requiren ao meu pai para que falase con eles. Devandito interrogatorio realízase no comedor da casa. Outro interrogatorio, pobre e fóra de contexto pois o meu pai xa estaba avisado de que ninguén o molestase. Pouco durou, ao terminar o meu tío convidounos a tomar un vaso.

Ao ano seguinte, outra parella da Garda Civil volveu para facer máis preguntas e tomarse o vaso de viño habitual que lles ofrecían na tenda.

Nunca máis volveron. Para que ían volver se esta xente era inocente de calquera cargo? Só defenderan a Constitución daquel entón, non só eran inocentes senón que terían que premiarlles por ter defendido aquela Constitución.

O meu pai seguiu viaxando a España coa súa familia para pasar as súas vacacións neste país cuxa evolución política e económica eran nulas. No ano 1972, regresan a España e instálanse de forma definitiva.

Da súa vida ao regreso.

Instalados os meus pais en Fene, este home sociable, moi intelixente, loitador, defensor dos dereitos sociais e humanos empeza a emprender amizades con moita xente desta comarca e empeza a asociarse en distintos círculos da comarca: Círculo Mercantil e Industrial de Fene, Círculo de Pensionistas de Fene e Ferrol e Círculo da Caixa de Aforros de Ferrol, adicándose as conversas pois a súa forza dialéctica é inesgotable.



Homenaxe aos exmariños da escadra republicana en Ferrol no peirao de Curuxeiras. (David Fernandez é o 2º pola dereita). 1982.

Tras iniciar amizade con moitísima xente, o meu pai tal vez algo morriñento daquel pasado de loita política e obreira, afiliase de novo ao Partido Comunista pero xa a súa idade impídelle desenvolver tarefas de partido. Só engrosa as filas do PCE, mantén charlas e dada a súa ampla experiencia aconsella a algún dirixente local, sempre solidario coa política dese partido e os seus militantes.

Chega a España Democrática e as ansias de traballar polo ben común. En colaboración con dous veciños fundan a Asociación de Veciños de Fene (é socio cofundador nº 2). A

Asociación ponse en marcha, tratando así de solventar problemas veciñais e de orde social.

O primeiro goberno que rexe a este país, o goberno da UCD, por proposta de outros partidos propoñen conceder a xubilación para os membros das Forzas Armadas Republicanas, e as forzas políticas daquel entón tramitaron no Congreso o proxecto.

A raíz de recoñecerse os dereitos destes Ilustres Mariños, reúnense un bo número de mariños ferroláns da República e constitúen a Asociación de Mariños da República. Devandita asociación fúndase para axilizar, tramitar e defender os dereitos ben merecidos destas Ilustres Mariños. Recoñécenselles dereitos, pero non todos os que honradamente lles corresponderían. É nomeado Tenente Maior.

Tras varios decenios, deuse un paso transcendental para tratar de equiparar e reparar, no fundamental, aos mariños republicanos cos mariños da España Constitucional. No 1983 falece a miña nai como consecuencia dunha longa enfermidade. Esta enterrada en Francia. Máis tarde, no 1989, tamén falece o meu pai consecuencia dunha longa enfermidade. Está enterrado en Barallobre (Fene).

A súa filla Amelia reside en Francia, ten 3 fillos e 3 netos. Está xubilada. O seu fillo David reside en Fene (A Coruña).

Os seus fillos Amelia e David Fernández Martínez.

ANTÍA PEÑA DÍAZ



Vicente Peña Terrasa, a súa filla Antía Peña Díaz e a súa muller Mª Pilar Díaz Rascado.

O meu nome é Antía e cheguei ao mundo coa República, na primavera do ano 1931. Dicíase entón que os nenos e nenas seriamos os que cambiaríamos a mentalidade do pobo a través da escola.

Meus pais, Mª Pilar Díaz Rascado e Vicente Peña Terrassa, (1) eran unha parella nova, namorada e amante dos fillos. Fixéronme feliz durante catro anos. El levábamos de excursión polas montañas cercanas, dándonos clase de botánica e mineraloxía, ao tempo de facernos exercitar o noso corpo. Ela ensinábanos cancións, xogos , adiviñas, contos…

Cando tiña cinco anos a Dereita deu o Golpe de Estado. No barco onde traballaba meu pai, como militar republicano, propuxéronlle que se se puña de parte dos sublevados ascendíano inmediatamente a oficial. Contestoulles que non

era ningún traidor a si mesmo, entón mandárono preso ao barco Plus Ultra, habilitado como prisión militar.

Todos os días sacábanos á cuberta a dar berros de "Viva Franco!" e "Arriba España!". As mulleres dos presos, sabedoras diso, pedíronlle ao patrón da lancha que comunicaba as bandas da ría que as achegase ata alí, para ver se seguían con vida. Meus pais tiñan unha contraseña, el levantaba un pano tres veces e ela subía un fillo outras tres. Aquel día mamá levoume a min. Eu contentísima na crenza que ía ver a papá e foi cando coñecín o pánico por primeira vez:

A lancha ía ao tope de mulleres. Oíanse berros no buque, mais non se distinguían as caras dos homes. Elas pedíronlle ao patrón que, por favor, se achegase máis. Cando os militares se percataron comezaron a berrar " Esa lancha, que se retire ou disparamos!". O patrón, pálido, púxose nervoso, quixo dar a volta e case choca co buque. Os ruídos foron enxordecedores, algúns queríanse botar pola borda. Eu oín "Adeus Finiña que nos matan!" Cos berros e canonazos e a lancha que estivo a piques de emborcar… metinme debaixo da faldra do vestido da miña nai e non sei como cheguei a casa, borróuseme da memoria.

Sei que meu pai estivo detido cinco meses. Aos seus compañeiros fusiláronos diante del. Eles berraban : "Xa nos vingarás, Peña!" e papá, que non sei como se librou, prometeu vingalos.

Mudámonos de piso. Fomos vivir a Canido, nunha casa cun anaco de horta onde papá plantaba hortalizas. Pero a guerra seguía. Á noite, pasaban os camións pola nosa rúa, cheos de homes para matalos no cemiterio, que daba á parte de atrás da nosa casa. A mamá, que estaba enferma, faltáballe o aire e afogaba. Houbo que ir pedir un permiso especial para abrir unha ventá, pois estaba prohibido ter aberto, por

se alguén escapaba do camión e se metía dentro das casas.

A situación fíxose tan insoportable que papá nos levou a vivir a Narón, a ver se estando lonxe mamá se recuperaba. Eu comecei ir á escola e foi un achado tan grandioso descubrir que coas letras se podían formar as palabras da fala! E non digamos dos números! Decateime que estaban en todas partes. Ía mercar ovos ou pementos e contabamos por ducias ou por centos. Na tenda a báscula tiña números e o medidor do aceite o mesmo. Se calcetaba, para darlle forma ás pezas, todo era aumentar ou minguar. Quixen nomear todos os números ata o final, entón dixéronme que non podería pois eran infinitos. Aquilo deixoume máis abraiada e quedeime con eles para sempre.

Pero se a clase era un pracer, cando volvía a casa un ambiente triste notaba nos meus pais. Eles, que sempre traballaban cantando, papá no seu idioma mallorquín e mamá en galego, agora falaban baixiño e cando me achegaba, calaban ou cambiaban de tema. Non preguntaba, xa sabía a contestación: as nenas non se meten na conversación dos maiores.

Na rúa víase moita xente enloitada. E palabras de morte, tortura, fusilados, escapados, presos, presas... oíanse. No ano 39, papá foi destinado a Barcelona, aló estivo catro anos. Chegou a vitoria dos golpistas e, con ela, os tremebundos anos de fame e miseria. A fame era tan negra que se un neniño, da man da súa nai, ía pola rúa comendo un anaco de pan, viña outro neno, pequeño coma el, roubáballe o pan e escapaba a todo correr. A roupa, ao lavala, tiñámola que vixiar mentres secaba, para que non a roubaran.

En vez de ir xogar, o irmán que me segue e mais eu, iamos ao monte por leña, pero estaban tan esgotados que só a nosa paciencia ía collendo unha poliña por aquí, unha casca, un anaco de piña vella e así enchiamos a cesta, que non po-

diamos mover e arrastrándoa, un tirando por diante e outro puxando por detrás, chegabamos ao patio da casa.

As frieiras nas mans e nos pés eran moi dolorosas, pero a fame canina, cando estás a pasar a crianza, non che deixa pensar máis que en comida. En Narón non había pan da ración, dicían que era porque puxeran o concello de "primeira", que non sei como se medía iso. Pero unha vez correuse a voz de que ían dar pan. A miña irmá maior, que tiña anemia perniciosa, botou todo o día de pé, sen comer nin beber e trouxo un bolo como de un quilo, tan amargo que nin coa fame podiamolo tragar. Anos máis tarde oínlle a un home contar que viu unha montaña de fariña que se movía, estaba chea de vermes, e todo aquilo comeuse en Narón. "O pan da ración!" pensei.

Lembro un entroido, na casa non había chisco de comida e mamá foi pedir axuda a unha tía nosa. Deulle unha ola grande mediada co líquido de facer lacón con grelos. No tranvía non había sitio e quedou na plataforma pousando a ola no chan. Subiu máis xente e tamén a Garda Civil. A mamá veulle un ataque forte de tose, se cadra pola debilidade, e un home púxose a berrar que non había dereito "así é como se collen as enfermidades". Ela, avergoñada, calou. Tampouco podía falar. O peor foi que co vaivén e as freadas, o líquido manchou a capa a un dos gardas. Asustada, baixou do tranvía facendo o camiño a pé. Aquela noite quentou o caldo, botoulle unha presa de fariña e, aínda que nunca me gustaron as papas pegas, naquelas atopaba anaquiños de grelos ou de patacas e ás veces febriñas de carne que daba gloria.

Eu tiña unha amiguiña moi boa, dábame xenio estar con ela. Sempre viña á miña procura, pero, un día adianteime achegándome ata a súa vivenda a chamala. Sentín un neno chorar a berros pedindo pan, unha e outra vez. Nisto, oín un

forte golpe e asusteime. Cando saíu a miña amiga, pregunteille que pasara e, apartándonos un pouco da casa, contoume o seu segredo: "O que berraba é meu irmán e coa rabecha caeu da cama pois está cego e impedido. Pedía pan e non o temos. En tres días só comemos un arenque". A súa confesión impresionoume de tal maneira que se me dobraron as pernas. Despois de certo tempo a pobriña morreu de meninxite.

Papá volveu destinado a Ferrol e trouxo a ledicia con el. Había carencias na casa, pero non fame.

Para min ir a clase era unha felicidade. Saber o porqué de todas as cousas atraíame. Se me deixaran, estaría sempre escoitando ao mestre, especialmente cando nos sacaba ao encerado para explicarnos matemáticas. Pero un mal día, caeume a alma aos pés. Demos a clase coma sempre e xa a piques de saír o profesor di: "Os que ides estudar o bacharelato ou prepararvos para o estaleiro, podedes vir a clase, os que non, non tedes que volver, xa sabedes o suficiente". Eu non estaba nesas dúas situacións. Fiquei como se me golpeasen. Como que xa sei de abondo? Quédame tanto por aprender! Porque me bota así da clase? Quero estudar e non me deixa!. Ao contalo na casa, mamá miroume comprensiva, papá díxome que non me preocupara, que a situación ía dar volta axiña e xa todos poderiamos estudar sen distincións. Vin como as compañeiras seguían. Endexamais me repuxen daquel golpe. Dende entón, a sacar auga do pozo, varrer, fregar, pasar o ferro á roupa, coser…

Mamá trouxo ao mundo dous fillos máis. Papá seguía coa súa loita, aínda que daquela eu non o sabía. Non obstante penso que algunha vez fixen de enlace sen decatarme. Lembro, por exemplo, un caso moi emotivo para min. Non sei que anos tería, dende logo era unha nena. Collida pola man de papá, entramos dende a praza de Amboaxe pola rúa Ma-

ría e díxome que iamos pasar por diante dunha casa, que me fixara como era, de que cor estaba pintada. El non ía mirar, pero logo tiña que explicarllo e dicirlle o número. Tomeino como un xogo ou se cadra, papá quería saber o lista que era, quedando satisfeito da miña observación e dicíndome que non o esquecera, porque ao día seguinte ía mandarme a un recado a esa casa.

Así foi, meteume no peto, ben ao fondo, unha folla de papel dobrada, pedíndome que non metera a man, nin o lera, non parara nalgún escaparate e cando baixase do tranvía, fose a todo correr entregalo naquela casa, preguntando por D. Carlos Allegue (2). Así o fixen, chamei á porta e abreuna un home sorrinte que me mandou pasar a unha sala onde coñecín a súa dona e fillos. Pareceume unha familia do máis encantadora, os nenos guapos e ben educados. Estaba leda con eles, contestando ás preguntas que me facían. Pero lembrei que papá estaría impaciente pola miña volta e despedinme deles. Fuxín cara a casa todo o rápido que me daban as pernas.

Andando o tempo, un aciago día, entéirome que numerosos axentes de policia, rodeando da mazá da rúa María e por riba dos tellados, chamaron a casa do profesor Allegue (que polo visto fuxira ao monte e voltou para esconderse no seu fogar). Abriu o fillo maior e, ao velos, púxose diante do pai. Os axentes matáronos, primeiro a el e logo ao pai, á nai déralle un ataque ao corazón e quedou só o fillo máis novo que o levaron de Ferrol uns familiares. Endexamais esquecerei ese drama.

Un día atopeime con papá na rúa, falando cun mozo alto e forte. Achegueime para darlle un bico. Papá dixo "esta é a miña filla". O mozo miroume sorrindo e estendeu a man cara a min dicindo "moito gusto". Eu deille a man e no choque

sentín felicidade, a primeira vez que me trataban por un igual, non como unha nena. Non volvín ver a aquel mozo pero nunca o esquecín, chamábase Segundo Vilaboi e co tempo souben que os franquistas o mataran a garrote vil.(3)

Cando tiña catorce anos, unha carie nunha moa traíame polo camiño da amargura, quixen ir quitala. Papá dixo que dentro de dous días iamos ir ao dentista para empastala. Ao día seguinte chegou a casa desacougado: tiña que fuxir ao monte, pronto virían por el (4). Despediuse de todos nós, dándonos ordes e consellos a cada un, bicounos, colleu unha tableta de chocolate e unhas galletas, unha muda limpa e marchou apresurado. Mamá rapidamente queimou papeis e fotos del.

Á mañá seguinte policias de paisano rodearon a casa por diante e por detrás. Chamaron preguntando preguntando por el. Mamá díxolles que fora coller o tren para Betanzos na procura de víveres. Rexistraron como loucos a casa, remexendo roupas, libros, camas, armarios, lacenas, faiado e veña a facer preguntas e máis preguntas. A meniña púxose a berrar. Un deles díxolle á nosa nai que a fixera calar. "Téñolle que dar o peito". El asentiu. Mamá colleuna e sentouse. Instintivamente os sete fillos rodeamola (non sei se para protexela ou para ser protexidos). A maior tiña quince anos, a pequerrechiña tres meses. Sen compasión , uns e outros volvían á carga, facendo preguntas. Cando cansaron, marcharon, pero a casa seguíu vixiada toda a noite. Dende entón, tódolos días, a calquera hora, presentabánse a rexistrar e preguntar, cando a Policia, cando a Garda Civil.

A min, nin o desgusto, nin o medo, quitoume a dor de moa. Tanto rabeei e pedichei ir quitala, que mamá me deu os cartos para a extracción. Fun rapidamente coller o tranvía para chegar a tempo á consulta. Preguntei ao practicante can-

to me custaba sacar a moa e respostou "Dúas pesetas e tres máis a inxección". Rapidamente botei contas e non me chegaba para pagar logo a viaxe de volta e non quería facer cinco quilómetros a pé, se cadra sangrando. Sen pensalo dixen "Sen inxección". El suxeitou a moa, retorceuma e tirou canto puido. Sentín como se con ela me arrincasen os ollos e os miolos. Grosos lagrimóns esvaraban polas meixelas. Dende ese día comprendín o que debía ser a tortura e unha angustia apoderouse de min ao pensar que a papá o podían coller e torturar.

Pasou unha tempada. Mamá, tan fermosa e repoluda, quedou nos ósos en pouco tempo. A meniña choraba decontino, mamá, sen leite que lle dar, choraba tamén.

Nisto chegou unha carta de papá. No remite poñía "nun lugar de Galiza". Mamá, nervosa e emocionada, leuna dúas veces, nós todos caladiños como na misa. Volveuna a ler, cando acabou, leunos a parte onde se dirixía aos fillos. Bicouna, mollándoa coas bágoas e botouna ao lume, mirando como se queimaba. Papá debeulle dar instrucións para saír do paso, pois naqueles días foron desaparecendo os traxes del de militar, o sabre, xemelgos, libros, etc.

Pero os tres maiores sabiamos que tiñamos que ir traballar axiña. Oín dicir a unha veciña que na telleira collían xente e fun proporlle a mamá ir alí, meu irmán e mais eu. Quedaba lonxe, habería que saír con noite e por corredoiras. Mamá non me deixou, a el si, eu levaríalle o xantar a mediodía, así foi. Cando cheguei, vin a meu irmán sucio, carrexando un cesto con barro enriba do ombreiro. Pousouno e sentou a comer unhas patacas cocidas sen máis, e por riba chegaron case frías, iso que fun correndo. Foron días aciagos, menos mal que ao cumprir os catorce anos entrou a traballar no taller de carpintería de Perlío.

A min empregáronme en “Obras Civiles”, a coser sacos de arpilleira, onde se embalaba o cemento. Alí botei tres anos (sen adolescencia) nun traballo sucio e insán. Ás veces os sacos mollábanse e facíase co cemento unha pasta dura que había que sacudir para pecealos, enchéndoche de po ollos e cara, pois a cabeza tapabámola cun pano e o corpo cun longo mandilón de dril. Non sei se polo cemento ou pola idade, a cara enchéuseme de acné e os ollos tíñaos enfermos. Agora que tanto se fala do ácido bórico, lembro que o oculista receitoume un preparado de ácido bórico a saturación para limpar os ollos e poder abrir as pálpebras.

Eu durmía na mesma cama coa miña nai, ás seis despertábame e dábame co cóbado. Entón eu collía un algodón de enriba da mesiña de noite, ás apalpadas, mollábao no líquido e con el despegaba as costras, lavábame, vestíame correndo e a coller o tranvía.

Moitas veces viña tan cheo o tranvía que só cabía no estribo, ata que na vindeira parada alguén empurrábame á forza para dentro. Era a única muller en medio dos homes, ben, muller é un dicir, era unha nena que estaba saíndo da infancia. Algunhas veces, un home dicíame “neniña pasa para aquí”. Agradecíalle a consideración, pero axiña decatábame que o facía para aproveitarse frotándose contra min. Cando o fichaba, escapábame del, fiábame doutro e era igual. Comprendín por qué mamá non quixo que fora traballar á telleira.

Agora era miña irmá de doce anos, quen me traía o xantar a min. Comía dentro dun portal e, naturalmente, patacas, mais tiñan sustancia. Mamá dourábaas con allo na tixola, pasábaas á pota cun pouco de auga e un chisco de viño branco, deixábao reducir e sabíame ben, aínda que non quedaba satisfeita.

Papá andou fuxido polos montes galegos tres anos.

A súa vida foi dura, a nosa tamén. Mamaíña levou a peor parte, apenas durmía, xa fose cavilando qué nos ía dar de comer ou aturando a invasión da casa pola Garda Civil, que chegaba a calquera hora e remexíano todo.

Un día unha miña irmanciña estaba na cama con anxinas e unha febre altísima, nisto chegaron eles berrando con mirada de odio, preguntando por papá. Viron a nena na cama e fixérona levantar. A enfermiña non se tiña en pé, eu agarreina e tremía coma ela. Desfixeron toda a cama, tiraron o colchón, eu tapeina cun cobertor. Mamá quixo facer a cama e un dos gardas, sentándose xunto o escritorio de papá, chamouna para preguntarlle cantos fillos tiña, cando naceran… logo pedíronlle un retrato recente de papá . Ela díxolles que non o tiña, só a foto de voda. Eles, fustrados, marcharon batendo as portas. Mamá, botando chispas contra eles, fixo a cama. A nena tivo unha hemorraxia polo nariz, manchando dúas toallas. Foi tremebundo, dende entón, cada vez que vía un garda, á pobriña descompoñíaselle o ventre.

Ás veces viña algún policía de paisano facéndose pasar por amigo de papá, dicindo que podía axudalo a marchar para Francia, ou viña outro traendo diñeiro para que mamá llo pasase a papá. Ela, non sei se un sexto sentido a guiaba ou tiña algún contrasinal secreto con papá, o caso é que ningunha vez caeu na trampa que lle tendían.

Outra vez chegaron pola porta do patio, golpeándoa. Mamá abriu e encanonárona coa pistola dicindo:

- Onde está o seu marido?

- Non o sei. - respondeu ela.

- Sabe o que fixo esta noite?

- Como vou sabelo?

- Matou dous homes. (5)

Percorreron todas as habitacións, logo fixérona ir ao faiado, levándoa diante deles coa pistola cravada nas costas: “Suba!” “Abra ese baúl!”. Os filliños embaixo, mortos de medo, sabían que non estaba o papá, mais tremiamos que lle disparasen a ela.

No baixo da casa había unha barbaría. O barbeiro, un veciño antes amigo, fíxose confidente da Policia (non sei se por medo ou por convición) o caso é que, con calquera pretexto, viña por casa, “Pódese pasar?” e xa estaba dentro ollando por todas as partes. Mamá, avisada, foi cortando, mais el mercou un can para saber se meu pai viña pola noite.

E si, a papá non o arredaba nada nin ninguén de ir ver os seus nenos e a súa dona. Eu marabillábame. Chegaba como por arte de maxia, aínda que os perigos a sortear deberon ser terroríficos. Unha vez, estivo escondido no retrete dun veciño media noite. Cada vez que intentaba saír, daba en ladrar o can e o barbeiro saía mirar quen era, ata que, canso de ir e vir, durmeuse e papá aproveitou subindo a gatas as escaleiras do patio.

A emoción máis fermosa era ver a papá na casa, rodeado da familia, chamándonos polo diminutivo cariñoso que nos puxera e ao mesmo tempo tratándonos como persoas responsabeis.

Iso si, a maxia aparecía e desaparecía sen que eu me decatara. Ía durmir e cando espertaba atopaba o baleiro, apoderándose de min un pesadume infindo.

Un día, cando tiña eu dezasete, saíndo do traballo, un veciño noso, achegouse ao meu lado, como quen non quere a cousa e díxome:

-Teño que dicirche algo, por favor, disimula, non me comprometas.- Eu púxenme tensa.

- Que ocorre?

- Colleron ao teu pai!

- Vivo?.- Inquirín con pánico.

- Matárono!. - Dixo e adiantou o paso por medo á miña reacción. (6)

El non podía imaxinar o aplastante peso que acababa de quitarme de enriba. Ninguén comprendería que eu preferiría ver o meu pai morto a que o colleran vivo e o someteran a tortura. Sabía que por moi insoportábel que fose o martirio endexamais confesaría os nomes dos seus compañeiros nin onde se agochaban. Mais unha vez que souben que non había tal perigo, pensei na morte e na perda que significaba quedar sen pai para sempre. Un berro quixo saír mais un nó na gorxa contívoo. Acelerei o paso e cando saín pola porta, botei a correr, apoieime nun banco do Cantón e rompín a chorar desconsoladamente. Sentín que me agarraban e abrazaban. Era a miña irmá e mais a miña curmá que estaban a esperarme noutro lado da porta, chamaran por min, pero eu nin me decatei.

Chorando e suspirando en medio das dúas, fun cara a casa. Lembro que no tranvía oía alegres conversas e risos e eu non podía comprender aquilo, se, morto meu pai, acabárase o mundo.

Xa todos os compoñentes da familia na casa, fixemos unha piña, desfeitos en bágoas, ata quedar exánimes. Ninguén nos avisou da morte, nin nos devolveron as súas pertenzas, enterámonos polo xornal que puña: “Cinco bandoleiros mortos en Zas”. Chama antes que te chamen, bandoleiro meu pai?

Un home xusto que loitou polos dereitos humanos e a liberdade de todos ata perder familia, traballo e o ben máis preciado que temos, a vida! e a unha idade temperá.

Enterrárono nunha fosa común sen identificación (7). Mamaíña loitou con toda a súa alma para criar os fillos, pero un cancro primeiro e despois unha enfermidade do corazón, levouna cando todos nós tanto a necesitabamos.

Eu casei e tiven catro fillos, bos e traballadores, dos cales me sinto orgullosa, pero non puideron coñecer aos avós.

Endexamais esquecerei, no que me queda de vida, as que nos fixeron pasar os golpistas. Encheron España de viúvas e orfos. Nunca se arrepentiron, nin pediron perdón ás vítimas. Fóronse de "rositas". O peor é que pensan que España é deles e, se lles peta, vólveno facer.

(1) Mª Pilar Díaz Rascado, 1906-1957, nada na Graña. A súa nai morreu a consecuencia do parto, o seu pai volveu casar, sendo ela criada polos seus avós. Aprendeu a coser da man dunhas costureiras veciñas súas e realizou labores de lavandeira. De rapaza colaborou no teatro afeccionado que se realizaba na vila, representando varias obras no antigo teatro da Graña. Coñeceu ao seu home, militar de profesión, cando estaba destinado na base da Graña. Casou aos 21 anos e tivo sete fillas e fillos. Na súa educación transmitiulles unha rica tradición oral de contos populares e marabillosos así como diversas historias da vida real.

Vicente Peña Terrassa,1904-1949, de orixe mallorquina. Foi condestable da Mariña Republicana. Fontes orais afirman que, en outubro de1934, xunto con Venancio Pérez, bloqueou os sistemas de tiro do seu buque e tirou os cadeados ao mar. A acción pretendía

impedir que se disparase contra os mineiros asturianos. A raíz do golpe fascista está a piques de ser fusilado e máis tarde obrigado a facer a guerra no bando fascista. Na posguerra afiliase ao P.C.E. colaborando con "Socorro Vermello". Fuxido ao monte, forma parte da guerrilla ata a súa morte en enfrontamento armado coa Garda Civil.

(2) Carlos Allegue Caruncho que ten que fuxir pola súa implicación en "Socorro Vermello"e afiliación ao P.C.E., posteriormente volve a casa onde vive oculto ata a súa morte a mans da policia.

(3) Segundo Vilaboi Fernández. Ferrolán afiliado ao P.C.E. Traballaba na Bazán. Participou na folga do aceite. Posteriormente foi guerrilleiro e xefe da IV agrupación. Detido o 26 de maio de 1947 e executado en decembro do mesmo ano.

(4) Alertado da súa posible detención a raíz da caída do 30 de xaneiro do 46, ten que fuxir pasando a formar parte da guerrilla.

(5) Quen a interrogaba era o tenente Torres. Os homes a quen se refire, leváronos a presencia do crego do Couto, Xosé Cazón, para que certificase que foran os guerrilleiros os culpábeis das súas mortes e que non lle botasen a culpa a ningunha outra persoa.

(6) Nesa época estaba realizando accións na zona de Negreira. Unha denuncia sorprendeu ao grupo que estaba agachado na casa de Madalena Teiga, entáblase un tiroteo e conseguen fuxir da casa mais son rodeados en campo aberto. Unha versión di que acabaron baixo os disparos da Garda Civil, outra di que se mataron entre eles para evitar seren torturados.

(7) Os corpos das dúas mulleres do grupo, unha guerrilleira e outra enlace, leváronos familiares seus a enterrar. Os outros tres guerrilleiros están nun lugar non identificado do campo que rodea a igrexia parroquial de Páramos.

Agradecementos

Dende a asociación Memoria Histórica Democratica queremos agradecer a todas aquelas familias que participan en manter viva a memoria dos nosos devanceiros e especialmente a Xoán Gato (alcalde de Narón), de quen partíu esta idea e que nos animou a sacar adiante este proxecto.

Este libro rematouse de imprimir en
Galicia no mes de Xuño do ano 2007.